

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de maio de 2009

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Eudosio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día catro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral acctal., Sr. Suárez Sánchez, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(569).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión do 20 de abril de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

.

2(570).- REVOGACIÓN DO NOMEAMENTO DO COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA AS OBRAS DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO DO AUDITORIO MUNICIPAL. EXPTE. 3109/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 23.04.09, conformado polo concelleiro-delegado de Animación Sociocultural, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 21 de novembro de 2008, acordou nomear ó arquitecto municipal D. Juan Luís Piñeiro Ferradás como coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra de reforma e adaptación do Auditorio municipal da Casa do Concello.

En data 16 de febreiro de 2009, o Sr. Piñeiro presenta escrito no que solicita a contratación externa con urxencia dos traballos de coordinación de seguridade e saúde da devandita obra, debido a súa imposibilidade para atender estes traballos, conforme as directrices ditadas pola Xefatura da Xerencia municipal de Urbanismo.

En consecuencia, o concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, o 1 de abril de 2009, resolve a contratación da asistencia técnica coa empresa Enmacosa S.A. para a coordinación dos ditos traballos polo período de tempo que se estima ata a finalización das obras.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro de Animación sociocultural, faise á Xunta de Goberno local a seguinte PROPOSTA.

“Revogar o nomeamento do arquitecto municipal D. Juan Luís Piñeiro Ferradás como coordinador en materia de Seguridade e Saúde para a execución das obras de reforma e acondicionamento do Auditorio Municipal da Casa do Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(571).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 1/2526, 2/1950, 2/2667, 14/1278.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a:

- D. A.A. Donrad Pytko. Expte. 1950/02.
- D^a. Cecilia Gómez Pérez. Expte. 1278/14.
- D^a. Silveira Iglesias Iglesias. Expte. 2667/02.
- D^a. Concepción Menéndez Arregui. Expte. 2526/01.

4(572).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DURANTE O MES DE MAIO 2009. EXPTE. 41502/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.04.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de actividades económicas, do 20.04.09, conformado polo xefe de Área e a concelleira delegada de Benestar Social, que di o seguinte:

A Concelleira-Delegada da Área de Benestar Social ordena a iniciación do oportuno expediente para prorrogar o convenio coa Cruz Vermella para a prestación do servizo de Axuda no Fogar que finaliza o próximo 30 de abril de 2009.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 30 de decembro de 2008 acordou prestar aprobación á prórroga do convenio con Cruz Vermella Española para a prestación do servizo de Axuda no Fogar , (expte. 38424-301) desde o 01/01/09 ata o 30/04/09, coa posibilidade de prorrogar por períodos mensuais a vixencia do mesmo, sempre que non se produza denuncia expresa por calquera das partes.

O anterior acordo de prórroga tomouse para poder seguir prestando o servizo obrigatorio de axuda no fogar, ás persoas que o están aproveitando, ante a imposibilidade de adxudicación do concurso en trámite para a contratación do servizo.

O expediente 38732-301 para contratación do servizo de axuda no fogar, segue a día de hoxe a súa tramitación pero é de todo xeito imposible a súa adxudicación antes do vencemento do convenio en vigor, polo que, ante a obrigatoriedade de seguir prestando os servizos e dado que non houbo denuncia expresa, propónse á Xunta de Goberno Local a prórroga do convenio coa Cruz Vermella para o mes de maio de 2009.

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación a prórroga do convenio de colaboración coa Cruz Vermella Española para a prestación do servizo de Axuda no Fogar, durante todo o mes de maio de 2009, coas condicións particulares que constan no mesmo.

Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto, a prol de Cruz Vermella Española, por un total de 294.753,72€, con cargo á partida 3130.2270601 e a súa bolsa de vinculación, poñendo de manifesto que o emprego dos créditos da bolsa de vinculación non afectan ao normal desenvolvemento do servizo.

Nembargantes a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(573).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE DINAMIZACIÓN XUVENIL NO PARQUE DO CASTRO. EXPTE. 18628/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 30.03.09, conformado polo concelleiro de Patrimonio e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Angel Rodriguez Gonzalez, en nome e representación de Algalia, servizos para o tercer sector, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral, en data 5 de febreiro de 2009, nº de doc. 90015443, solicita a revisión de prezos do contrato.

A Xunta de Goberno local, en sesión de 8 de agosto de 2005, acordou adxudicar á empresa xegalia, Galega de Xestión S.L., o contrato de asistencia técnica para o desenvolvemento dun programa de dinamización xuvenil no Parque do Castro pola cantidade de 58.743 euros/ano.

No contrato administrativo recollese na cláusula 4.-, que o contrato terá unha duración de dous anos, contados dende o 1 de setembro de 2005, puidendose prorrogar por periodos anuais ata un máximo de dous anos.

A posibilidade de revisión de prezos aparece recollida na cláusula 3.- “Revisión de Prezos”, do PCA que rexeron a contratación, recollendo neste que: “ procederá a primeira revisión de prezos transcurridos un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a data de apertura de proposicións económicas.

As seguintes revisións faranse transcorrido un ano dende a inmediata anterior e recollerá a variación que experimente o IPC nacional no periodo comprendido entre a data de revisión de prezos e a data de revisión inmediata anterior.

Para a revisión do prezo do contrato para o periodo setembro 2008 a agosto de 2009, aplicaríamoslle ó prezo que está facturando a empresa, o incremento do IPC no periodo agosto 2007/2008, que segundo datos do INE foi de 4,9%, que aplicado ó prezo anterior 62.556,83 euros/ano, obtemos a cantidade de 65.622,12 euros/ano, a partir do 1 de setembro de 2008.

Polo exposto, pevio informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de asistencia técnica, adxudicado a empresa Xegalia, Galega de Xestión S.L., por acordo da xunta de goberno local de 8 de agosto de 2005, establecendo o prezo revisado a partir do 1 de setembro de 2008 a 31 de agosto de 2009 na cantidade de 65.622,12 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(574).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN NA VÍA DE PREMA E XESTIÓN DE RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO. EXPTE. EXPTE. 7144/541.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.04.09, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina de Contratación, do 25.11.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Servicios de Colaboración Integral, S.L. (sociedade denominada anteriormente Santiago Cucart, S.L.) ven de solicitar un cambio na forma de facturación do contrato de asistencia técnica e colaboración nos procedementos de recadación na vía de constrinximento de ingresos municipais de dereito público e asistencia técnica e colaboracións nos procedementos de xestión e recadación de expedientes sancionadores por infracción en materia de tráfico e seguridade vial adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de 11 de decembro de 2006.

O Tesoureiro informou que a solicitude presentada pola empresa non supón modificación nas prestacións realizadas, nin na actividade desenvolvida pola citada empresa.

Por este servizo se entende que é posible acceder a solicitude presentada pois non afecta ás prestacións do contrato, nin ós seus elementos principais.

A vista das anteriores circunstancias, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Aceptar a proposta presentada Servicios de Colaboración Integral, S.L. (sociedade denominada anteriormente Santiago Cucart, S.L.) e respecto do contrato de asistencia técnica e colaboración nos procedementos de recadación na vía de constrinximento de ingresos municipais de dereito público e asistencia técnica e colaboracións nos procedementos de xestión e recadación de expedientes sancionadores por infracción en materia de tráfico e seguridade vial adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de 11 de decembro de 2006 o custo de correos será asumido pola empresa contratista como ata agora só que cando presente a facturación descontaríase de esta o custe de Correos, co que se emitiría informe de conformidade do custe pola empresa contratista e se comprobaría polo servizo de Tesourerái. O concello pagará a factura de correos, emitindo a empresa a factura pola diferenza para o seu abono ou pago da devolución correspondente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(575).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA NO MES DE MARZO. EXPTE. 11579/331.

Mediante escrito de data 27.04.09, en cumprimento da base 31ª das de execución do presuposto, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural da conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de gasto menor tramitados durante o mes de marzo, que son os seguintes:

Nº EXP.	CONCEPTO	DATA	PARTIDA	TIPO EXP.	NºRC	IMPORTE	PERCEPTOR	CIF/NIF
11476-331	Subsanación de deficiencias nas instalacións eléctricas de baixa tensión na Casa das Artes, Casa Galega da Cultura e Biblioteca Central	10/02/09	2270600	Servizos	10518	12.017,17	Gallega de Electricidad Vigo S.L.	B36777647
11516-331	Mensaxería mes de febreiro	28/02/09	2230000	Servizos	4220	29,19	Reparto y Gestión Urgente sl	b36821494
11517-331	Mantementos Casa das Artes e Casa Galega da Cultura	05/02/09	2120000	Subministro	4199	2726,71	José Manuel Muíños Rodríguez	36130547p
11518-331	Materiais varios para dependencias culturais	10/02/09	2120000	Subministro	4199	2249,43	Ferretería Pombo sa	a36644011
11528-331	Adquisición de 128 exemplares do libro "Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino o neno labrego"	17/03/09	2260200	Subministro	14462	1996,80	Ismael González PC SL	B32352155
11521-331	Realización do acto de "Celebración da poesía" día 2 de abril	16/03/09	2270600	Servizos	14433	1100,00	Feministas Independentes Galegas (FIGA)	g36688125
11522-331	Deseño e produción de elementos de difusión da obras "La Vengeance du Bourbon"	16/03/09	2260200	Subministro	14435	580,00	Marograf Artes Gráficas SL	b36841674
11529-331	Elaboración e subministro de material gráfico para o primeiro semestre do programa Vigo a Escena	18/03/09	2260200	Subministro	15576	8.171,94	Anónimo Publicidad S.L.	B36721900
11536-331	Reparacións Casa das Artes	24/02/09	2130000	Subministro	4196	155,94	Celtsener sl	B36422905
11540-331	Contratación de compañías para a realización do programa Vigo a Escena no primeiro semestre	31/03/09	2260803	Servizos	17651	5.400,00	Grupo de Teatro Avento	G36648434
					17652	4.050,00	Julián Rodríguez Novo	36122337D
					17653	2.407,50	Cecilia Meléndrez Fassbenser	32818874J
					17655	4.800,00	Teatro Alla Scala 1:5 S.L.	B36701506
					17656	4.333,50	Pablo Alejandro Nojehowicz	X4460675V

					17657	3.000,00	Miguel Ángel Cu-lebras i Condal	46226351P
					17660	2.043,60	Guy Bobillo Pérez	36061885R
					17661	5.400,00	Asociación Cultural Aforo	G36843936
					17662	5.400,00	Olga Cameselle Estévez	36056819H
					17663	5.400,00	Fulano, Mengano e Citano S.L.	B27725274
					17665	5.400,00	Lambriaca Producións S.L.	B27708718
					17668	5.400,00	Máscara Producións S.L.	B27717826
					17671	5.296,50	Mª Luisa Prado López	36010802R
11550-331	Mantemento e reparacións en Casa das Artes	26/03/09	2120000	Submis-tro	4199	2053,20	José Manuel Muíños Rodríguez	36130547P
11553-331	Colocación vinilo efecto ácido en portas cristal de Casa das Artes	26/03/09	2270600	Servizo	1571	382,80	Juan de Dios Moreno Coll	35903470x

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(576).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE PARA O “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DO NOVO EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL PARA O VERBUM CASA DAS PALABRAS”. EXPTE. 911/340.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Verbum, do 28.04.09, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Solicitar a subvención para o “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DO NOVO EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL PARA O VERBUM CASA-DAS PALABRAS”, ao abeiro do establecido nas bases da Orde de 8 de abril de 2009, que regula a convocatoria da Consellería de Cultura e Deporte sobre a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia,

para o equipamento e mellora das instalacións técnicas dos espazos escénicos e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede a súa convocatoria para o ano 2009.

2.- Aprobar a memoria do proxecto de investimento, redactada polos servizos técnicos municipais, por un importe total de 31.999,76 €.

3.- Aceptar as condicións e demais requisitos establecidos na devandita Orde de 8 de abril de 2009 (DOG nº 68 do 8/04/2009).

4.- Comprometer a achega, por parte do Concello de Vigo, con cargo ao orzamento do Verbum Casa das Palabras, da porcentaxe do orzamento do proxecto obxecto desta solicitude, neste caso o 60%, segundo o solicitado no apartado 2.e) da Orde de 1 de abril de 2009.

9(577).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNAS E ALUMNOS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA AS TAREFAS DE FUNCIONAMENTO, COORDINACIÓN E XESTIÓN DOS PROGRAMAS PROPIOS DA FEDERACIÓN-O ANO 2009. EXPTE. 10292/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.03.09, o informe de fiscalización do 20.04.09, e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 27.04.09, conformado polo xefe do Servizo de Educación e a concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto a que da lugar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA, que supón un custe de 226.039,31.-€ (DOUSCENTOS VINTE SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS), a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA (CIF: G-36.743.946), con cargo á partida 422 0 489 00 01 e bolsa de vinculación xurídica do presuposto de 2009.

2º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA, que de deseguido se dí:

“PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA)”

(modificado conforme ao informe de fiscalización emitido polo Servizo Municipal de Intervención Xeral en data 20 abril 2009)

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

Doutra, dona Pilar Pascual Quintas, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 10292/332.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuito e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados na educación, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local contempla a necesaria participación e colaboración das institucións locais na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. Polo tanto, a LOE recolle esta necesidade e recomendación, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xorder

no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. A colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

O Concello de Vigo reconece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4220 489 00 01, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 226.039,31 €, a favor da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) .

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPA e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2009.

V.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 10292/332.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), o Concello de Vigo e a FOANPA conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa política educativa.

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global da política que está a levar o Concello en materia educativa e das inxerencias e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1 Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.*
- 2 Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.*
- 3 Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPA de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.*
- 4 Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.*
- 5 Entregar a Concellería de Educación do Concello de Vigo, no primeiro trimestre do curso escolar, a programación educativa para ese curso.*
- 6 Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.*
- 7 En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1. Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), unha subvención por importe de 226.039,31.-€ (DOUSCENTOS VINTE SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS) pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionada:*
 - PRIMEIRO PAGO: anticipado por importe de 100.000'00.-€ coa asinatura do convenio e antes do 31 de marzo.*
 - SEGUNDO PAGO: por importe de 63.019,65.-€ a fin de curso e antes do 01 de xullo, e*
 - TERCEIRO PAGO: por importe de 63.019,66.-€, á presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.*
- 2. O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta a disposición da Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) un espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na pranta baixa do Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación.*
- 3. O Concello de Vigo informará anualmente á Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) das contías e conceptos asignados ao programa de AUTOXESTIÓN para o mantemento dos centros de ensino público de Vigo.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPA deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- A FOANPA xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores en cada centro de ensino público de Vigo, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

De acordo có artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia, autorízase á FOANPA e ás ANPAS dos centros de ensino a concertar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención, tanto do servizo de comedor, mediante cáterin ou cociña, como da docencia e monitoraxe das actividades extraescolares. Cando estas prestacións concertadas con terceiros excedan do 20% do importe da subvención, o contrato deberá de formalizarse por escrito e deberá ser autorizado polo Concello de Vigo, a proposta da comisión de seguemento do convenio, unha vez emitidos e vistos os informes técnicos municipais.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Quinto.- O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, sendo necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abono á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago e no prazo máximo de tres meses a contar dende o 31 de decembro de 2009, data de remate para execución da actividade subvencionada, deberá presentar a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de

28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse íntegramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Asimesmo, a FOANPA, comprométense a que na difusión da actividade e na edición de materiais conste a colaboración do Concello de Vigo.

Oitavo.- Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPA deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009.

Cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos a beneficiaria deberá solicitar tres ofertas, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- O convenio non atribúe á FOANPA a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAS integradas na federación, senón que esta –a Federación– é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAS que a integran. Polo tanto FOANPA distribuirá a subvención entre as distintas ANPAS que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAS ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos cole-

xios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

Décimo primeiro.- Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, o Xefe do servizo de educación, un/ha Técnico/a do Servizo de Educación do Concello de Vigo e presidida pola Concelleira de Educación.

En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométense a remitir cuberto á FOANPA, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2009, o formulario contido no anexo I do convenio, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por elo, xunta a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPA, o servizo municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

Décimo terceiro.- A FOANPA deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a FOANPA no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A FOANPA está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procede-

mento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Educación.

A FOANPA poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeráse polo estipulado neste, aplicándose os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a _____ de 2009.

10(578).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE CRÉDITO A CONCERTAR POR UN IMPORTE DE DE 10.000.000. DE EUROS. EXPTE. 101387/140.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa constituída para a apertura de ofertas e formulación de proposta de adxudicación dunha operación de crédito a concertar por un importe de 10.000.000 €, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Rexeitar a proposta feita polo BANCO DE CRÉDITO LOCAL por non axustarse a mesma os requisitos que establece o apartado b) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, por se o marxen e o CAP ofertado superior co previsto.

2º.- Adxudicar a operación de préstamo con apertura de póliza de crédito destinada a financiar parte do plan de investimentos previsto no orzamento xeral do ano 2009 a entidade financeira CAIXANOVA, de acordo ás seguintes condicións:

- Importe: 10.000.000,00 euros
- Natureza: Préstamo con apertura de conta de crédito.
- Tipo de interese: Variable, referenciado a EURIBOR cun marxe doo 0,60 por 100
- Prazo de amortización: 10 anos.
- Plan de amortización: Anual, a 31 de decembro de cada ano, sendo a primeira amortización o 31.12.2010 e a última o 31.12.2019. Se o día establecido para a amortización fose inhábil, cargarase a amortización o primeiro día hábil anterior.
- Liquidación de intereses: Trimestral (Trimestres naturais), a excepción do último trimestre de cada ano, que se liquidará e pagará o último día do trimestre ou hábil anterior, e o primeiro, que se liquidará desde a/as disposicións do período ata o fin do trimestre natural.
- CAP 7 por 100
- Carencia: Dende a sinatura do contrato ata o 30.12.2010.
- Consolidación do importe: 31.12.2009.
- Período de disposición: O de carencia.
- Amortización anticipada: Sen custo.
- Apertura da póliza: Sen custo.

11(579).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 27.03.09 SOBRE RENOVACIÓN ANUAL DA CESIÓN EN USO DE LOCAIS DO CENTRO CÍVICO CASCO VELLO. EXPTE. 4048/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Atención e Participación Cidadá, do 21.04.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 27 de marzo de 2009, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Conceder a prórroga, por un ano e con efectos dende o día 01.01.2009, da cesión en uso dos espazos do centro cívico Casco Vello identificados como “E+E” a prol de “Asociación Familiares Enfermos de Alzheimer Galicia-Afaga” (CIF: G36776920), o espazo “B” a prol de “Asociación Galega de Lupus-Agal” (CIF: G15614064) e o espazo “A” a prol de “Fademga Feaps Galicia” (CIF: G15614064)”.

Unha vez examinado o expediente de renovación anual da cesión en uso dos locais do centro cívico Casco Vello, apreciouse un erro material involuntario na transcripción do CIF dunha das entidade cesionarias, xa que, no lugar do CIF correspondente a “Fademga Feaps Galicia” (G36620037), fíxose mención ao CIF da “Asociación Galega de Lupus-Agal” (G15614064)”.

Tendo en conta o erro producido por este servizo no momento do elaboración do informe-proposta correspondente ao expediente examinado, e a teor do establecido no art. 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, remítese o dito expediente á Xunta de Goberno Local para que adopte o seguinte acordo:

1.- Corrección do acordo de “renovación anual da cesión en uso de locais do centro cívico Casco Vello” (expte. 4009-320), do xeito que se expón de seguido:

- Onde di: Fademga Feaps Galicia (CIF: G15614064)
- Deberá dicir: Fademga Feaps Galicia (CIF: G36620037)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(580).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D. JAVIER PINAL FALQUE- 2º SEMESTRE 2008. EXPTE. 18816/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 24.04.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 25 de maio de 2007, acordou recoñecer e aboar ao administrativo de Admon Xeral, D Javier Pinal Falque, con nº de persoal 77226, adscrito ao Organismo Autónomo IMD a cantidade de 4968.95 € anuais, en concepto de produtividade a devengar semestralmente, previo informe do Director Técnico do IMD, conformado polo Presidente do mesmo, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente, ata que sexa posible a adecuación retributiva do posto coas funcións a desenvolver.

Con data 30 de decembro de 2008, recibese informe do Director Técnico do IMD, co VºBº do Presidente do IMD no que se informa que D Javier Pinal Falque, administrativo de admon Xeral, no período comprendido entre o 1 de xullo ao 31 de decembro de 2008 ven desempeñando con especial adicación as tarefas encomendadas, entre as que se atopan o control do orzamento do organismo autónomo IMD, ingresos e gastos de cada unha das instalacións, comprobación de facturas, manexo e custodia de fondos, elaboración de expedientes de contratación, elaboración da nomina, ademais da dupla responsabilidade na organización e funcionamento da oficina administrativa do IMD.

No acordo da Xunta de Goberno Local anteriormente citado, non contemplase a actualización da cantidade asignada según os incrementos dos IPC, tale e como se solicita no escrito de 30 de decembro de 2008, polo que, de así considerarse, corresponderíalle o aboamento da cantidade de 2484,47 €, correspondentes ao 2º semestre do ano 2008.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 28.Un.apartado E) da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o devandito empregado non disfrutou dun mes de vacacións no período mencionado e segundo o acordo da Xunta de Goberno Local anteriormente citado, corresponderíalle o aboamento da cantidade de 2484,47 €, correspondentes ao 2º semestre do ano 2008.

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o expresado no informe que precede e sempre en tanto en canto exista a debida cobertura orzamentaria suficiente para facer fronte ao gasto proposto, previo informe de fiscalización e consignación de créditos na partida 121.0.1500000 –Productividade-, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Recoñecer ao funcionario D. Javier Pinal Falque, funcionario adscrito ao I.M.D. un complemento de produtividade por importe de 2484.47 €, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de maio de 2007, en relación ao período comprendido entre 1 de agosto ao 30 de decembro de 2008 e consonte ao informe de data 30 de decembro de 2008 asinado polo Director Técnico do IMD, co VºBº do Presidente acreditando a especial adicación a interese no desenvolvemento das súas funcións, acordando en consecuencia o aboamento da mesma.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(581).- AUTORIZACIÓN DE REINGRESO AO SERVIZO ACTIVO FORMULADA POR D^a. MARTA SOUTO GONZÁLEZ. EXPTE. 18967/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 24.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En escrito de data 23/04/2009 (documento nº 90059620) a funcionaria D^a Marta Souto González, con DNI 36.054.839-R e nº de persoal 23840, solicita o reingreso ao servizo activo con efectos do día 23 de abril do 2009 por cesación na condición de alto cargo da Administración autonómica coa mesma data.

A referida funcionaria municipal atópase en situación administrativa de servizos especiais por desempeño de cargo público declarada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de setembro do 2005, con dereito á reserva do posto de traballo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) establece que quenes se atopan na situación administrativa de servizos especiais terán dereito, ao menos, a reingresar no servizo activo na mesma localidade, nas condicións e coas retribucións correspondentes á categoría, nivel ou escalón da carreira consolidados, dacordo co sistema de carreira administrativa vixente na Administración Pública á que pertenzan. Terán, asemade, os dereitos que cada Administración Pública poda establecer en función do cargo que orixinase o pase á mencionada situación.

II. Toda vez que -no marco do cadro de persoal municipal do Concello aprobado polo Pleno en sesión de data 22 de decembro do 2008- a praza de funcionario técnico de normalización lingüística e o posto de traballo asociado (“Técnico/a de Normalización Lingüística”) se atopan interinamente cubertos por unha funcionaria interina, procede declarar a extinción da relación de servizo interina que vincula a D^a Laura Iglesias Rodríguez, con DNI 36157519R e nº de persoal 80277, co Concello de Vigo, dispoñendo o cesamento da mesma, de xeito tal que se permita materializar xurídicamente o reingreso previsto no apartado do citado artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

III. Vistas as competencias que en materia de persoal a Xunta de Goberno Local ostenta consonte ao disposto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

RECURSOS HUMANOS

“PRIMEIRO.- Acordar a finalización da relación de servizo e consecuente cese como funcionaria interina do Concello de Vigo de D^a Laura Iglesias Rodríguez, con DNI 36157519R e nº de persoal 80277, en cumprimento do disposto nas bases do proceso selectivo convocado para provisión con carácter interino dunha praza de técnico/a de normalización lingüística, aos efectos de materializar o reingreso da funcionaria con dereito á reserva de posto de D^a Marta Souto González, surtindo o dito cese efectos económicos e administrativos o día 24 de abril do 2009.

SEGUNDO.- Autorizar o reingreso da funcionaria municipal D^a Marta Souto González, con DNI 36.054.839-R e nº de persoal 23840, na súa praza de técnico de normalización lingüística e no posto de traballo asociado (“Técnico/a de Normalización Lingüística”, código retributivo 158 da vixente Relación de Postos de Traballo, aprobada o 21/01/2009 pola Xunta de Goberno Local) no Servizo de Normalización Lingüística, en atención aos antecedentes e fundamentos xurídicos expresados, en atención aos antecedentes e fundamentos xurídicos expresados e con efectos económicos e administrativos do día 25 de abril do 2009.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ás interesadas, Concelleiros/as delegados/as das Áreas e Servizos, Intervención Xeral Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) e Xefes/as dos Servizos implicados aos efectos que procedan.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(582).- PRÓRROGA ACUMULACIÓN TAREFAS DE POSTO VACANTE DE D. CARLOS PÉREZ FIGUEIRAS E ABOAMENTO PRODUTIVIDADE ANO 2008. EXPTE. 57351/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.03.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 2 de xullo de 2008 e visto o escrito do Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras, conformado pola Concelleira delegada da Área de servizos xerais de data 7 de marzo de 2008 e a situación en canto ao persoal existente no Servizo de Vías e Obras do Concello, no que a data de hoxe atopanse vacante un posto de oficial albanel, non cuberto na OEP 2005, na que se reservaron dúas prazas para promoción interna, entre persoal laboral ó servizo da Corporación e que, unha vez finalizado, unha das prazas convocadas aínda sigue vacante.

De conformidade co recollido no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

Considerando necesario garanti-lo correcto funcionamento do Servizo de Vías e Obras, e no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, o concelleiro delegado de xestión municipal resolveu autorizar a acumulación temporal do posto de traballo vacante de oficial de oficios-albanel no Servizo de Vías e Obras á funcionario D Carlos Perez Figueiras, con DNI 35981610 e nº de persoal 17294, axudante de oficios adscrito ao Servizo de Vías e obras, motivada na inexistencia de persoal auxiliar no Servi-

zo citado, establecéndose a súa duración ata que dita praza sexa cuberta en todo caso ata finais do exercicio económico 2008.

Nas instrucións de plantilla para o ano 2008, no seu punto 3º apartado b) recollese que “con cargo ao complemento de produtividade se retribuirá o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e específico entre os dous postos.

Con data 2 de xaneiro de 2008 informase polo Capataz de Vías e Obras que D Carlos Perez Figueiras con nº de persoal 17294, axudante de oficios adscrito a dito servizo, ven desenvolvendo con capacidade suficiente traballos propios de oficial albanel e executando as ordenes de traballo que neste oficio se lle encomendan.

As retribucións dos postos no ano 2008, no que respecta aos complementos de destino e específicos , son as que siguen:

	CD	Importe mensual	CE	Importe mensual
Axudante de oficios	14	313,81	162	618,45
Oficial	16	360,02	162	618,45
		46,21		0

Tendo en conta que as encomendas de funcións non ten carácter retroactivo a efectos do aboamento do complemento de produtividade, surtindo efectos económicos e administrativos dende a data do acto administrativo que así o autorice, que no caso que nos ocupa é de data 2 de xullo de 2008. Así mesmo o empregado municipal D Carlos Perez Figueiras, disfrutou do seu período vacacional do 4 de agosto ao 5 de setembro de 2008 e non tivo ningunha baixa por IT no período comprendido entre o 2 de xullo e o 31 de decembro de 2008, polo que a cantidade que correspondería aboar supón un total de 238,75 €.

En canto ao punto dous do escrito do Enxeñeiro xefe de Vías e obras, no que se solicita a prorroga da encomenda de funcións de oficial albanel realizada a D Carlos Perez Figueiras , de conformidade co recollido no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións

Informase así mesmo que aínda sigue a estar vacante un posto de oficial albanel no servizo de vías e obras, polo que mentras persista dita situación e ata que sexa cuberto dito posto por algun dos mecanismos legais previstos, considerase debería realizarse una nova encomenda de funcións mentras se manteña a situación presente.

O importe económico da mesma, no caso de prolongarse ata o 31 de decembro de 2009, suporía un total anual (12 meses) de 554,52 €.

Vistos os feitos precedentes e previo informe da Intervención Xeral PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1. O aboamento ao empregado municipal D Carlos Perez Figueiras, dun complemento de produtividade correspondente ao período comprendido entre o 2 de xullo e o 31 de decembro de

2008, por importe de 238,75 €. polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando segundo Resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 2 de xullo de 2008.

2. Autorizar a acumulación temporal do posto de traballo vacante de oficial de oficios-albanel no Servizo de Vías e Obras á funcionario D Carlos Perez Figueiras, con DNI 36981610 e nº de persoal 17294 , axudante de oficios adscrito ao Servizo de Vías e obras, motivada na inexistencia de postos vacantes de persoal de oficios no Servizo citado, establecéndose a súa duración ata que dita praza sexa cuberta nalgunha das formas legalmente establecidas ou como maximo ata o remate do actual exercicio orzamentario.

Dita atribución temporal de funcións exercerase nos termos e condicións do previsto no artigo 66 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civiles da Administración Xeral do Estado, e o funcionario citada continuará percibindo as retribucións correspondentes ao seu posto de traballo de axudante de oficios, sen prexuízo das indemnizacións por razón do servizo ás que poida ter dereito en cada caso, ou aos devengos retributivos regulamentariamente recoñecidos polas vixentes Instrucións de Plántilla, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 21/01/2009, e en concreto no seu apartado terceiro b).

Dita atribución temporal de funcións exercerase nos termos e condicións do previsto no artigo 66 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civiles da Administración Xeral do Estado, e o funcionario citada continuará percibindo as retribucións correspondentes ao seu posto de traballo de axudante de oficios, sen prexuízo das indemnizacións por razón do servizo ás que poida ter dereito en cada caso, ou aos devengos retributivos regulamentariamente recoñecidos polas vixentes Instrucións de Plántilla, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 21/01/2009.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(583).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL- MES MARZO 2009. EXPTE. 18952/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 27.04.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 16.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 6.333,87 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos Limpeza, Vías e Obras, OSPIO, Conserxería, Cemiterios, Inspección de Tributos, Igualdade, Museo de Castrelos, Desenvolvemento Local e Emprego, Sanidade e Contratación, dos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2009 con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servicio	Total
4420	Limpeza	265,62 €
5110	OSPPIO-Vias e Obras	2.861,15 €
1210	Conserxería	570,00 €
4430	Cemiteriosl	71,63 €
6110	Inspección Tributos	1.624,69 €
4632	Igualdade	141,09 €
4513	Museo Quiñones de León	83,79 €
3220	Desenvolvemento Local e Emprego	449,33 €
4120	Sanidade	163,97 €
1216	Contratación	102,60 €
	TOTAL	6.333,87 €

16(584).- CONTRATACIÓN INTERINA DUNHA PRAZA VACANTE DE AXUDANTE DE OFICIOS PARA O IMD. EXPTE. 18971/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.04.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión, do 28.04.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humano e o concelleiro da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

No cadro de persoal e relación de postos de traballo vixente, aprobado definitivamente polo pleno da Corporación Municipal na sesión de data 22 de decembro de 2008 e pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009, respectivamente (BOP de Pontevedra de 18 de marzo seguinte, figura vacante, entre outras, unha praza de Axudante de Oficios en réxime laboral, con posto de igual denominación no Instituto Municipal dos Deportes, que e necesario cubrir para garantir o normal funcionamento do mesmo, tal e como se reflexa no escrito de data 8 de xaneiro de 2009, asinado polo Director Técnico do I.M.D., coa conformidade da concelleiro-delegado de Turismo e Deportes.

O concelleiro-delegado da área de xestión municipal, mediante instrucción de servizo de data 13 de abril actual, autorizou a contratación interina da referida praza vacante.

Recentemente tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como persoal laboral fixo de once prazas de axudantes de oficios, incluídas na oferta de emprego público correspondente o ano 2005, figurando na acta do tribunal de data 25 de xuño de 2007 a correspondente proposta de nomeamento, sendo nomeados por acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007 e, formalizando a súa contratación laboral fixa con data 7 de setembro seguinte. Na referida proposta do Tribunal cualificador, figura a relación dos 5 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de abril de 2009, autorizou a contratación interina en réxime laboral de 13 axudantes de oficios, para o que foron requeridos, entre outros, os/as cinco seguintes e únicos aspirantes da lista de substitucións ó que se refire o anterior parágrafo, aceptando éstos expresamente, mediante escritos de 16 de abril de 2008, optar á referida contratación interina ata que resolva a súa cobertura definitiva a traves das probas selectivas correspondentes a primeira oferta de emprego público que fose convocada polo Concello, coa excepción de D. Juan Carlos Lago Martínez, D.N.I. 36.115.846-G, que renunciou voluntariamente por atoparse naquel intre de baixa médica por Incapacidade Laboral Transitoria.

En base o anterior, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 29 de abril de 2008, acordou a contratación laboral interina de D. Carlos Iglesias Ferreira, DNI 34.944.808-B, D^a. Rosa Borines González, DNI 36.079.669-Y, D^a.M^a. Concepción González Costas, DNI 36.062.214-P e, D. José Novoa Fidalgo, DNI 44.464.706-W, os cales formalizaron o seu contrato laboral con data 6 de maio de 2008.

En aplicación do disposto no artigo 4 das “Normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución da derradeira oferta de emprego público, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 3 de marzo de 2008 e publicadas no BOP de 11 de abril seguinte, requeriuse novamente o aspirante D. Juan Carlos Lago Martínez, D.N.I. 36.115.846-G, que tiña renunciado voluntariamente a primeira vez por atoparse de baixa médica por Incapacidade Laboral Transitoria, o cal, a través de escrito de data 23 de abril actual, volveu a formalizala súa renuncia, alegando ter a condición de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polo que queda excluído definitivamente da referida lista de substitucións.

En base ó anterior e toda vez que a lista de substitucións de axudantes de oficios non cubría a totalidade das prazas a ocupar, considérouse convinte recurrir a lista de substitucións xerada na convocatoria de 3 prazas de operario-peón, toda vez que ámbalas dúas prazas están integradas no grupo E de titulación e, contaron cun temario específico semellante na fase de oposición.

En consecuencia, faise constar que no derradeiro trimestre do ano 2007, tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como persoal laboral fixo de tres prazas de operario-peón, incluídas na derradeira oferta de emprego público, figurando na acta do tribunal de data 25 de xuño de 2007 a correspondente proposta de nomeamento, sendo nomeados por acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007 e formalizando a súa contratación laboral fixa o 7 de setembro seguinte. Na referida proposta do Tribunal cualificador, figura a relación dos 23 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Requeridos de igual forma para completa-lo expediente de contratación interina dos 13 axudantes de oficios ó que se refire o 4º parágrafo deste informe-proposta, foron requeridos os seguintes aspirantes da lista de substitucións da referida lista de operarios-peóns, estes aceptaron expresamente, optar á referida contratación interina ata que se resolva a súa cobertura definitiva a traves das probas selectivas correspondentes a primeira oferta de emprego público que convoque éste Concello, coa excepción dos aspirantes D. Jaime Fernández Comesaña, D.N.I. 36.008.434-W, D. Juan Carlos Montes González, D.N.I. 36.100.966-M, D. Severino José Fernández Alberte, D.N.I. 36.059.452-Y, D. Oscar Molares Bargiela, D.N.I. 36.143.265-F, D. Miguel Fernández Gómez, D.N.I. 33.332.320-F,

D. Benito Freiría Rodríguez, D.N.I. 36.105.845-P, D. Ricardo Soler Vidal, D.N.I. 36.104.951-B, D. Lino Fernández Paz, D.N.I. 36.101.212-K, D^a- M^a. del Carmen Martínez Giráldez, D.N.I. 34.873.351-S, D. Jesús Meda Cajaraville, D.N.I. 33.264.078-Y e D. Carlos Iglesias Ferreira, D.N.I. 34.944.808-B, que renunciaron voluntariamente polas diversas causas que obran no expediente 18185/220.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de abril de 2008, acordou, entre outros, a contratación interina en réxime laboral dos aspirantes núm. 2-Martínez Barreiro, José Manuel, 4-Fernández Fernández, Marcial, 8-López Basalo, José Antonio, 10-Rodríguez Fernández, Gonzalo, 11-Sánchez Domínguez, Severino, 16-Comesaña Fernández, Isabel, 18-Bea Puentes, Eduardo Vicente e 19-Calles Alonso, Brais, os cales formalizaron o seu contrato de traballo con data 6 de maio de 2008.

Con posterioridade, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 5 de decembro de 2009, autorizou a contratación interina de dous novos axudantes de oficios, para o que foron requeridos os dous seguintes aspirantes da referida lista de substitucións, D^a. Purificación Bastos Villar, DNI 36.071.578-B e, D. Cándido Bea Puentes, DNI 36.076.761-L, ós cales aceptaron expresamente, mediante escritos de 18 de novembro anterior, optar á referida contratación interina ata que se resolva a súa cobertura definitiva a traves das probas selectivas correspondentes a primeira oferta de emprego público que convocase éste Concello, sendo aprobada a súa contratación interina por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 9 de decembro de 2008.

En consecuencia, procedeuse a requerir o seguinte aspirante da lista, D. Julio Rodríguez Presas, D.N.I. 76.700.547-D, que ocupa o lugar nº 22 da lista, o cal aceptou expresamente, mediante escrito de 23 de abril actual, optar á referida contratación interina ata que se resolva a súa cobertura definitiva a traves das probas selectivas correspondentes a Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de decembro de 2008, publicada no BOP e no DOGA de 10 e 19 de febreiro de 20089, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rixe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do EBEP que así o dispoñan.

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas– poderán realizar contratos de substitución ou interinidade para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 9 de xuño de 2006, e DOGA de 21 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2005, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarían parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ás contratacións laborais por interinaxe propostos, xa que o citado candidato superou os exercicios da oposición para a cobertura de tres prazas de operario-peón en réxime laboral.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 2/2008, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, non se procederá a contratación temporal, nin o nomeamento de persoal interino agás para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, á Técnica de Xestión que subscribe, coa conformidade da Xefatura do Servizo de RRHH, propón á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,

PROPOSTA:

Primeiro.- Declara-la urxencia na cobertura interina dunha praza vacante de axudante de oficios, escala de administración especial, encadrada dentro do persoal laboral, xustificada nas necesidades do Instituto Municipal dos Deportes contidas no escrito de data 24 de abril de 2009.

Segundo.- Contratar interinamente con cargo a referida praza vacante de Axudante de Oficios, á D. JULIO RODRÍGUEZ PRESAS, con D.N.I. 76.700.547-D, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de operarios-peóns incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma e ao abeiro do disposto nos artigos 7 da Lei 7/2007, do 12 de abril e, o artigo 15 do Estatuto dos traballadores e 4 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro.

Terceiro.- Ó interesado formalizaráselle contrato laboral-temporal de interinidade, ó abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98.

Ó aspirante nomeada/o deberá subscribi-lo seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo.

A formalización deste contrato de interinidade e a conseguinte extinción do vínculo laboral con ésta Administración producirase automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba ó interesado, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público convocado e incluído na Oferta de Emprego correspondente o ano 2008, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de decembro de 2008, publicada no BOP e no DOGA de 10 e 19 de febreiro de 2009, respectivamente, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ó emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público).”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(585).- BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/HA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL. EXPTE. 18974/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.04.09, e de acordo co informe-proposta do 20.04.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun/dunha funcionario/a interino por acumulación de tarefas, como Enxeñeiro/a-Técnico/a Industrial, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período.

2º.- Aprobar ás bases específicas rectoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordeando a súa urxente publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.

3º- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

ANEXO

“BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL”

I.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que de-

sempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do título de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, titulación esixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supralo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concorde aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

II.-SISTEMA DE SELECCION

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

III.-EXERCICIOS DA OPOSICION

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de 2 horas, a tres temas extraídos ao azar mediante sorteo público entre os comprendidos no programa anexo á convocatoria, un da parte xeral e outros dous da parte específica.

Neste exercicio avaliarase o volume de coñecementos sobre os temas expostos.

Concluída a lectura da totalidade dos temas, o órgano de selección poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- Asimesmo obrigatorio e eliminatorio, desenvolverase por escrito, e consistirá en desenvolver dous supostos prácticos relacionados co temario específico, no tempo de realización que acorde o tribunal cualificador.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo Tribunal co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

O Tribunal poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, a Comisión de Valoración propondrá o/a candidato/a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas, para o seu nomeamento como funcionario interino (Artº. 10.1 d) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público).

IV.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 3 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local . Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de axilidade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboeiro de Edictos do Concello de Vigo, publicándose no mesmo e nos lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan na Casa do Concello.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral ou especial do Concello de Vigo, encadrado no subgrupo A1 de titulación, designado polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala administración xeral, designado polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999,

Vocais:

-Un funcionario/a de carreira deste Concello ou dos seus organismos autónomos, que conte con título de Diplomado/a Universitario ou equivalente, como mínimo, nomeado polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, que comparecerá en todo caso a título individual.

-Dous/dúas funcionarios/as do Concello de Vigo ou, dos seus Organismos Autónomos, integrados como mínimo no subgrupo A2 de titulación, que dispoñan do título de Diplomado/a Universitario ou equivalente, tamén como mínimo, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de RR.HH. deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, recibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008) e, normativa de concordante aplicación e, da lexislación vixente.

T E M A R I O

BLOQUE I: PARTE XERAL

- 1. A constitución española de 1978: Principios xerais e estrutura.*
- 2. A Unión Europea: Orixe, Institucións e fontes. Órganos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros, a Comisión e o Parlamento: composición e atribucións.*
- 3. O Estatuto de Autonomía de Galicia : principios xerais e estrutura*
- 4. O Municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.*
- 5. Organización Municipal. Competencias municipais.*
- 6. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.*
- 7. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Faltas e sancións, O procedemento disciplinario.*

BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

- 1. A lei de prevención de riscos laborais. Ambito de aplicación. Dereitos e obrigacións Servizos de Prevención. Responsabilidades e Sancións.*
- 2. Accesibilidade e Suspensión de barreras arquitectónicas. Lei 8/97 de 20 de agosto.*
- 3. Plataformas móbiles de personal. Instrucións para súa instalación. Manexo, Mantemento. Revisións. Inspeccións. Aparatos elevadores de obra.*
- 4. Regulamento de instalacións de protección contra incendios. Normas sobre protección contra incendios nos edificios, sectorización e evacuación.*
- 5. A utilización de video camaras e outros sistemas de captación de imaxes de tráfico no marco da lei organica, de 4 de agosto.*

6. *Regulación de aparcamentos en superficie, no termo municipal de Vigo.*
7. *Ordenanza xeral reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública: principios xerais sobre instalación de servizos.*
8. *As ordenanzas municipais de ruidos e vibracións, carteleiras, accesibilidade, equipos de telecomunicación, inspección técnica de edificios. Aspectos xerais e incidencia nas licenzas*
9. *Ordenanza municipal de circulación e transportes no termo de Vigo.*
10. *Garantía de calidade produción control e calidade.*
11. *O control das obras. Materiais e Maquinaria. Sistemas de realización do control.*
12. *Estudio do tráfico. Aforos do tráfico. Obxectivo. Procedemento de aforos Plans de aforo na redes viarias. Seleccións de estacións. Programación da aforos. Elaboración e presentación de resultados.*
13. *O transporte de viaxeiros. O transporte escolar ou de menores: a súa regulación. O transporte de persoas. Emprazamentos e acondicionamento: cinturón de seguridade, casco, elementos de seguridade para nenos e outros elementos de protección.*
14. *Sinalización dinámica. Tipoloxía. Sinais de fibra óptica. Paneis Leds gráficos e alfanuméricos.*
15. *A circulación urbana: a súa regulación. Competencias dos municipios. O peatón e o seu comportamento. Circulación de peatóns por vías urbanas e interurbanas. Pasos para peóns. Prioridade de paso dos vehículos sobre os peóns: excepcións*
16. *A sinalización vertical : definicións Principios básicos Prioridade entre sinais. Características dos elementos de sinalización vertical sinalización das clases de carrteras.*
17. *Marcas viais : principios básicos da sinalización. Prioridade entre sinais . Obxecto das marcas viais. Color Grupo. Marcas lonxitudinais discontinuas, continuas, adosados a discontinuas, transversais, frechas, inscricións, outras marcas.*
18. *Sinalización de obras. Principios xerais. Ordenación da circulación en presenza de obras fixas. Limitación da velocidade, cierre de carris á circulación e desviación a carris provinciais. Elementos de sinalización, balizamento, e defensa. Balizamento.*
19. *Regulación semaforica. Obxecto. Tipos de semáforos: reservados para peatóns, circulares para vehículos, cuadrados ou de carril, reservados a determinados vehículos. Regulación dun cruce semaforico: descripción física dos elemteos, ubicación na vía, concepto de fase, ciclo e despéxe.*

20. *Sistemas de xestión de tráfico. Obxectivos e subsistemas que lo integran. Os centros de xestión de tráfico, sus obxectivos e estrutura. Tratamento integrado da xestión do tráfico e da información.*

18(586).- DAR CONTA DA ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCIONS D. ALFONSO BERROS PÉREZ. EXPTE. 58120/250.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 22.04.09, que di o seguinte:

Con data 13 de marzo de 2009 o Xefe da Area de Servizos Xerais, co conforme da Sra. Concelleira-delegada de dita área, remite a este Servizo de Recursos Humanos, solicitude de encomenda de funcións para D. Alfonso Berros Pérez, Enxeñeiro Técnico Industrial pola coordinación e control do funcionamento do taller de Vías e Obras, tarefas que viña desenvolvendo o Técnico Medio de Obras Públicas do Parque Central de Servizos.

Como consecuencia de atoparse vacante a Xefatura do Taller de Vías e Obras no Parque Central de Servizos, con funcións tales como a coordinación e control do funcionamento de dito Taller, o control das brigadas de mantemento e reparacións dos vías municipais, os servizos de aporte de materiais e elementos para o control da seguridade vial, así como actuacións urbanas e actos protocolarios, fan necesario que para o bon funcionamento se reforce provisionalmente con persoal coñecedor do Servizo propoñéndose a tal obxecto a encomenda de funcións propias do funcionario encadrado no subgrupo A2, ao funcionario D. Alfonso Berros Pérez, nº de persoal 78966, Enxeñeiro Técnico Industrial, adscrito a Area de Servizos Xerais, acumulando temporalmente os dous postos.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario D. Alfonso Berros Pérez, nº de persoal 78966, Enxeñeiro Técnico Industrial, adscrito a Area de Servizos Xerais as funcións do posto de técnico medio de obras públicas da mesma área, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata 31 de decembro do presente ano 2009, devengando os dereitos retributivos

que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Area de Servizos Xerais, Xefatura de Vías e Obras, Xefatura do Servizo de Recursos Humáns, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

19(587).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CAMBIO DE ADSCRICIÓN DE D^a. ANA M. CARDOSO ALFONSO. EXPTE. 18976/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 22.04.09, que di o seguinte:

Vista a petición efectuada pola Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios da necesidade de cobertura da vacante de auxiliar de administración xeral existente motivada pola gran cantidade de traballo que se xenera na oficina (tarefas de atención ao persoal adscrito ao Servizo, aos cidadáns, transcripción dos informes e escritos, tramitación de altas, baixas e accidentes de traballo, tramitación e xestión dos gastos do servizo, tramitación de produtividade, horas festivas e nocturnas, exceso de xornada, arquivo dos partes diarios e demais documentación que se xenera).

En aplicación do recollido no artigo 81.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que contempla que as Administracións Públicas, de xeito motivado, poderán trasladar aos seus funcionarios por necesidades de servizo ou funcionais a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos aos do seu destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e modificando no seu caso a adscripción dos postos de traballo dos que sexan titulares;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e en concreto as que ostento en relación á xefatura directa e imedita do persoal municipal segundo delegación efectuada en Decreto de data 05/07/2007,

RESOLVO

“Primeiro.- Dispoñer o cambio de adscripción da funcionaria D^a. Ana M^a Cardoso Alfonso, con DNI 36.018.725-N e n^o de persoal 18715, auxiliar de admón. Xeral adscrito ao Servizo de Participación Cidadá, cod. 320, ao Servizo de Extinción de Incendios, cod. 213, onde desenvolverá as funcións propias da súa praza de auxiliar de administración xeral (cod. 138).

Segundo.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado a interesada, xefes/as dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as da áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior e, Mobilidade Seguridade, Transportes e Extinción de Incendios, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización), Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

20(588).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN A D^a GLORIA POUSA RODRÍGUEZ DUNHA REDUCCIÓN DE XORNADA POR INTERÉS PARTICULAR. EXPTE. 18958/220.

Dáse conta do informe da xefa da Unidade de Persoal, do 26.03.09, que di o seguinte:

Con data 24 de marzo de 2009, tivo entrada a través do Rexistro Xeral, doc. 90039975 de D^a Gloria Pousa Rodríguez, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Servizo de Igualdade, no que solicita acollerse á redución de xornada establecida no art. 11.f) do vixente acordo regulador.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro. O art. 11.f) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal o Servizo do Concello de Vigo, “Xornadas Reducidas”, establece: “Que os empregados que contén con complemento de destino ou equiparación inferior ó 28, e sempre que non resulte incompatible coa natureza do posto e cos fins do centro de traballo, poderán solicita-lo recoñecemento de xornada reducida por interese particular de 9,00 a 14,00 h., de lúns a vénres, percibindo o 75% das súas retribucións correspondentes á xornada completa. Esta redución da xornada será incompatible con calquera outra.”

Segundo.- Polo que respecta a interesada, cumpre informar que reúne os requisitos indispensables de contar con complemento de destino ou equiparación inferior o 28, e a solicitude é informada favorablemente pola Xefa do Servizo e conformada pola concelleira da area de igualdade.

Por isto, a funcionaria que suscribe propón ó Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, adopte a seguinte resolución:

“Autorizar a D^a Gloria Pousa Rodríguez, nº de persoal 17816, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Servizo de Igualdade, unha redución de xornada por interese particular de 9,00 a 14,00 h. de luns a venres, percibindo o 75% das súas retribucións correspondentes á xornada completa, solicitada pola interesada, de conformidade co previsto no art. 11.f) do vixente Acordo regulador, con efectos do 27 de marzo de 2009.”

O Concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, con data 22.04.09, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

21(589).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN POLA QUE SE REDUCE A XORNADA LABORAL EN DÚAS HORAS NO MES DE XULLO POR COIDADADO DE FILLOS DA FUNCIONARIA D^a ANA QUIRÓS GARCÍA. EXPTE. 18962/220.

Dáse conta do informe da xefa de Réxime Interior, do 16.04.09, que di o seguinte:

A medio de instancia de data 16 de marzo de 2009, D^a Ana Quirós García, nº persoal 21657, auxiliar administrativa adscrita ao negociado de Lixo Vivendas da Administración de Tributos, solicita a través do Rexistro Xeral do Concello (doc. 90037080) que se lle conceda unha redución de xornada de dúas horas da xornada laboral do 1 de xullo ao 31 de xullo de 2009.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

O art. 48.1.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e o art. 76.1g) do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función pública de Galicia, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o seu coidado directo algún menor de doce anos, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución proporcional das súas retribucións.

Dita petición é informada favorablemente pola directora de ingresos co conforme da concelleira-delegada de Economía e Facenda, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007 sobre delegacións nos concelleiros de área.

Visto o Acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, de delegacións nos concelleiros de área e nos demais delegados de competencias da Xunta de Goberno, en cuxo apartado cuarto.2, recolle a competencia do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para a concesión de permisos e licenzas de todo o persoal municipal, mesmo naqueles supostos nos que impliquen redución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro-delegado de Área, dando conta no último caso á Xunta de Goberno Local, sométese ao criterio do mesmo a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Autoriza-la redución de xornada solicitada con data 16 de marzo de 2009 por D^a ANA QUIRÓS GARCÍA, nº persoal 21657, auxiliar administrativa adscrita ao negociado de Lixo Vivendas da Administración de Tributos, en dúas horas da xornada laboral, quedando establecida a súa xornada laboral de 7,45 a 12,00 horas a partir do vindeiro día 1 de xullo e ata o 31 de xullo do 2009, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto nos arts .48.1.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e 76.1.g) do Decreto Le-xislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función pública de Galicia

Segundo.- A presente resolución notifíquese á interesada, Intervención Xeral, Xefe do Servizo de Administración de Tributos, Recursos Humanos, Planificación e Organización, Inspector de Persoal e dese conta á Xunta de Goberno Local.

O Concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, con data 16.04.09, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

22(590).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONCEDE FLEXIBILIDADE HORARIA PARA CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR A D^a BENILDE BILBAO ECHEGARAY. EXPTE. 18950/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 24.04.09, que di o seguinte:

En data 31 de marzo de 2009, D^a Benilde Bilbao Echegaray, con nº de persoal 77323, auxiliar de administración xeral interina, adscrita ao negociado de Plusvalía da Administración de Tributos, solicita a través do Rexistro Xeral, doc. 90044631, autorización de flexibilidade horaria por motivos de conciliación da súa vida laboral e familiar por ter un fillo menor de 12 anos.

Como queira que as súa solicitude foi informada favorablemente pola xefatura do servizo ao que está adscrita, e existindo o compromiso desta Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal para o estudo e aplicación de medidas de conciliación da vida laboral e familiar, previa negociación ao efecto coa representación sindical dos traballadores, o feito é que a implantación das mesmas esixe dun estudio detallado que permita dar unha solución integral e equitativa para a totalidade do persoal municipal que desexe acollerse a tal beneficio, con especial atención á incidencia que a mesma poda ter naqueles servizos con maior atención ao público ou nos servizos de emerxencia e seguridade pública.

De maneira que, pendente da emisión de informe en relación á implantación das ditas medidas polas xefaturas dos diferentes servizos, parte dos empregados solicitantes tiveron que recurrir a solicitar unha redución de xornada coa correspondente dedución de retribucións nos termos do vixente Acordo regulador das condicións sociolaborais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, polo que se considera oportuno proporcionar unha solución estrictamente provisional que permita puntualmente o acceso dos solicitantes á conciliación salientada sen que lles afecte á economía familiar; solución puntual que en calquera caso será deixada sen efecto automaticamente no momento

no cal se aprrobe unha solución integral para o resto do persoal municipal, e cuxo mantemento será estudiado no momento no cal pola respectiva xefatura do servizo se comunique o deficiente funcionamento do servizo por existir varios beneficiarios de medidas de flexibilidade horaria no mesmo servizo.

A vista das circunstancias anteriormente mencionadas, e no uso das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal que ostento por delegación do Alcalde segundo decreto de 5 de xullo de 2007,

RESOLVO :

Primeiro.- Acceder excepcionalmente e con carácter provisional á flexibilidade horaria solicitada pola funcionaria interina, D^a Benilde Bilbao Echegaray, con nº de persoal 77323, auxiliar administrativa, adscrita ao negociado de Plusvalía da Administración de Tributos, en escrito de data 31 de marzo de 2009, e visto o informe favorable emitido polo xefe do servizo en data 24 de abril de 2009, que será de unha hora, establecendo a obriga de compensar a xornada laboral legalmente establecida en horario de tarde nos termos da organización do servizo que dispoña a xefatura respectiva, incidencia que deberá ser comunicada ao Servizo de Recursos Humanos-Persoal, e lembrándolle que deberá comunicar a cesación das causas motivadoras do outorgamento da presente medida excepcional.

Segundo.- Dispoñer o carácter estritamente provisional e excepcional da medida acordada, a cal en todo caso será deixada sen efecto automaticamente no momento no cal se aprrobe polo órgano municipal competente ao efecto unha solución integral para o resto do persoal municipal, actualmente en tramitación, acordando igualmente a ineficacia da mesma cando polo Concello se teña coñecemento fehaciente da cesación ou da inexistencia das causas motivadoras do outorgamento da medida, ou ben se comunique formalmente polo beneficiario/a da mesma.

Terceiro.- Acordar que se comunique á Xefatura de Administración de Tributos que o outorgamento da presente medida excepcional en ningún suposto implicará o incremento da dotación de efectivos asignados ás unidades ou servizos concretos, nin o incremento a priori da autorización da realización de horas extraordinarias, debendo comunicar calquera incidencia a esta concellería-delegada da Área de Xestión municipal e ao Servizo de Recursos Humanos-Persoal aos efectos procedentes.

Cuarto.- Notifíquese esta resolución a solicitante, Xefe de Servizo de Administración de Tributos, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, auxiliar da Inspección de Persoal e Comité de Persoal para coñecemento e demais efectos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

23(591).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE READSCRICIÓN DE GUSTAVO RODRÍGUEZ BARTOL. EXPTE. 18977/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 23.04.09, que di o seguinte:

Con data 3 de abril de 2009, o Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión municipal dictou resolución pola que se nomeaba en Comisión de Servizos neste Concello de Vigo a D^a Carla Candia Paz, con DNI 77.597.450-V e nº de persoal 79872, técnica de admón. Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, adscribindoa ao posto de traballo denominado “adxunto/a ao xefe/a do Servizo de Intervención na Edificación”, código 031 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 53, do mércores 18 de marzo do 2009), que se atopaba vacante.

Como consecuencia de dita Comisión de Servizos, polo Sr. Delegado de Urbanismo con data 20 de abril, solicítase que se adscriba provisionalmente a D. Gustavo Rodríguez Bartol ao Servizo 410-Planeamento e Xestión.

Considerando o art. 88 da Ley 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, así como o Decreto 1/2008, do 13 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, e no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 5 de xullo do 2007, RESOLVO:

Primeiro.- Adscribir o posto código 46-Técnico de Administración Xeral do Servizo cod. 420-Intervención Urbanística-Edificación ao Servizo cod. 410-Planeamento e Xestión.

Segundo.- Readscribir provisionalmente a D. Gustavo Rodríguez Bartol, con nº persol 22421, ao Servizo 410-Planeamento e Xestión, onde desenvolverá as funcións propias da seu posto e praza.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

24(592).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ADSCRICIÓN PROVISIONAL DE FUNCIONARIOS DA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL. EXPTE. 18978/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 3.04.09, que di o seguinte:

En escrito de data 5 de febreiro do 2009 o Sr. Titular da Asesoría Xurídica Municipal expón a situación existente no dito servizo en relación ao desempeño das funcións de asesoramento xurídico e defensa legal do Concello de Vigo, así como á necesidade e conveniencia de fomentar a promoción profesional entre os funcionarios e funcionarias adscritos ao mesmo. Adicionalmente, debe considerarse como factor de esencial relevancia a circunstancia de que a aprobación e conseguinte entrada

en vigor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal implica un notable incremento do volume de traballo que soporta a Asesoría Xurídica Municipal, cos máis de oitenta recursos contencioso-administrativos interpostos contra o dito instrumento de planificación urbanística e territorial.

Considerando que a urxencia no desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo, dacordo coas necesidades de persoal demandadas polo Titular do citado órgano directivo, impide que se aprace no tempo a provisión do mesmo polos procedementos reglados establecidos ao efecto na normativa vixente, faise necesario o recurso á figura da adscripción provisional para a provisión transitoria do posto de traballo concreto e, conseguintemente, dos cambios de adscripción solicitados, recollida no artigo 7 do vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, sen prexuízo da súa provisión con carácter definitivo polos procedementos correspondentes;

En aplicación do disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2009, onde se establece que serán cubertos polo sistema de libre designación aqueles postos de traballo que así estean determinados na relación de postos deste Concello, sendo en calquera caso cubertos por este procedemento os postos técnicos de nivel igual ou superior ó 26;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Adscribir provisoriamente á funcionaria técnica de admón. Xeral Dª Margarita Parajó Calvo, con nº de persoal 79.131, ao posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo de Recursos e Asesoramento”, código retributivo 024 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, debido á urxencia na cobertura do mesmo fundamentada na inaprazabilidade de desenvolvemento das funcións inherentes ao dito posto de traballo dentro do organigrama administrativo do Servizo de Asesoría Xurídica Municipal, a petición do Sr. Titular do dito órgano directivo formulada en escrito de data 5 de febreiro do 2009 e toda vez que se trata dun posto de libre designación consonte ao disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2008, sempre sen prexuízo da súa cobertura con carácter definitivo polos procedementos legalmente establecidos.

Segundo.- Adscribir provisoriamente ao funcionario técnico de admón. Xeral D. Pablo Olmos Pita, con nº de persoal 80.548, ao posto de traballo denominado “Asesor/a Xurídico adxunto”, código retributivo 230 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, debido á urxencia na cobertura do mesmo fundamentada na inaprazabilidade de desenvolvemento das funcións inherentes ao dito posto de traballo dentro do organigrama administrativo do Servizo de Asesoría Xurídica Municipal, a petición do Sr. Titular do dito órgano directivo formulada en escrito de data 5 de febreiro do 2009 e toda vez que se trata dun posto de libre designación consonte ao disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2008, sempre sen prexuízo da súa cobertura con carácter definitivo polos procedementos legalmente establecidos.

Terceiro.- Adscribir provisoriamente ao funcionario técnico de admón. Xeral D. Secundino Otero Faílde, con nº de persoal 21.640, ao posto de traballo denominado “Asesor/a xurídico”, código retributivo 049 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, debido á urxencia na cobertura do mesmo fundamentada na inaprazabilidade de desenvolvemento das funcións inherentes ao dito posto de traballo dentro do organigrama administrativo do Servizo de Asesoría Xurídica Municipal, a petición do Sr. Titular do dito órgano directivo formulada en escrito de data 5 de febreiro do 2009 e toda vez que se trata dun posto de libre designación consonte ao disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2008, sempre sen prexuízo da súa cobertura con carácter definitivo polos procedementos legalmente establecidos.

Establécese expresamente a colaboración puntual do funcionario D. Secundino Otero Faílde, con nº de persoal 21.640 co organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo” cando as necesidades obxectivas do mesmo así o demanden, sempre que se lle solicite ao efecto, previo o consentemento e coñecemento do Sr. Titular da Asesoría Xurídica Municipal.

Cuarto.- As presentes adscripcións terán carácter provisional e transitorio durante a vixencia das situacións de servizos especiais do funcionario municipal Sr. D. Alfonso Ramos Covelo, con dereito á reserva do posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo de Recursos e Asesoramento”, código retributivo 024 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, ou no seu defecto a do Sr. González-Yebra Pimentel, provisionalmente adscrito ao posto de traballo reservado a favor do Sr. Ramos Covelo con carácter previo ao seu pase á situación de servizos especiais por designación como titular de órgano directivo das entidades locais (Titular da Asesoría Xurídica Municipal). En consecuencia e en todo caso, quedarán sen efecto as adscripcións realizadas no momento en que se proceda á autorización do reingreso de calquera dos funcionarios municipais referenciados (Sr. Ramos Covelo e Sr. González-Yebra Pimentel) nos termos indicados.

Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado aos interesados/as, xefes/as das Áreas ou dos servizos correspondentes e Concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal (Organización e Métodos), Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal.

Quinto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

25(593).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ADSCRICIÓN PROVISIONAL DE Dª YOLANDA AGUIAR CASTRO AO POSTO DE TRABALLO DE XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN CATASTRAL DELEGADO. EXPTE. 18979/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 13.04.09, que di o seguinte:

En sesión de data 2 de abril do 2009 a Xunta de Goberno Local acordou autoriza-lo reingreso da funcionaria municipal D^a Yolanda Aguiar Castro, con nº de persoal 19.258, Técnica de Relacións Públicas do Concello de Vigo adscrita ao posto de traballo de “Técnico medio de Comercio e Turismo”, con efectos económicos e administrativos do día 2 de abril do 2009, a petición da mesma formulada por escrito e tendo en conta a cesación da situación administrativa de servizos especiais na cal fora declarada por acordo do mesmo órgano de 26 de xullo do ano 2005, con motivo da súa designación como Directora Xeral do Parlamento de Galicia.

As necesidades organizativas do Concello de Vigo, na área de servizos económicos, demandan a constante dotación de efectivos para reforzamento dos mesmos; concretamente, a Área de Dirección de Ingresos soporta unha ampla carga de traballo, o cal en moitas ocasións reporta elevados índices de saturación nos empregados públicos municipais adscritos á mesma. Igualmente, cómpre reforzala estrutura predirectiva como complemento e apoio indispensable aos postos eminentemente directivos no desempeño das funcións propias dos mesmos.

Concretamente, a existencia dun posto de traballo vacante dende hai tempo na citada Área de Ingresos, dentro da estrutura organizativa concreta do Servizo de Xestión Catastral delegada (posto de traballo código 503.01, código retributivo 183) constitúe manifestación da necesidade estrutural que en canto ao exercicio das superiores responsabilidades –propias do posto de traballo concreto– demandan no dito servizo, baixo a lóxica e necesaria supervisión da Dirección da Área.

Considerando que a urxencia no desempeño das funcións inherentes ao dito posto de traballo, d'accordo coas necesidades de persoal existentes na Área, impide que se aprace no tempo a provisión do mesmo polos procedementos reglados establecidos ao efecto na normativa vixente, faise necesario o recurso á figura da adscripción provisional para a provisión transitoria do posto de traballo concreto e, conseguintemente, dos cambios de adscripción solicitados, recollida no artigo 7 do vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, sen prexuízo da súa provisión con carácter definitivo polos procedementos correspondentes;

En aplicación do disposto na Base 34^a das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2009, onde se establece que serán cubertos polo sistema de libre designación aqueles postos de traballo que así estean determinados na relación de postos deste Concello, sendo en calquera caso cubertos por este procedemento os postos técnicos de nivel igual ou superior ó 26;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Adscribir provisoriamente á funcionaria municipal D^a Yolanda Aguiar Castro, técnica de Relacións Públicas do Concello, con nº de persoal 19.258, ao posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo de Xestión Catastral delegada”, código retributivo 183 da vixente Relación de

Postos de Traballo do Concello de Vigo, debido á urxencia na cobertura do mesmo, o cal se atopa vacante na actualidade, fundamentada na inaprazabilidade de desenvolvemento das funcións inherentes ao dito posto de traballo dentro do organigrama administrativo da Área de Ingresos (servizo de Xestión Catastral Delegada) e toda vez que se trata dun posto de libre designación consonte á vixente RPT e ao disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente 2009, e nos termos do contemplado no artigo 7 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, sempre sen prexuízo da súa cobertura con carácter definitivo polos procedementos legalmente establecidos, cesánda en consecuencia no posto de traballo denominado “Técnico medio en Turismo e Comercio”, código 052 da vixente RPT ao cal se atopa adscrita na actualidade tras ter sido autorizado o seu reingreso pola Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado aos interesados/as, xefes/as das Áreas ou dos servizos correspondentes e Concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e organización , Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos que procedan.

Terceiro.- Dése conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

26(594).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DE Dª Mª JOSÉ VALENZUELA RODRÍGUEZ EN SITUACIÓN DE SERVIZOS EN OUTRAS ADMINISTRACIÓNS E NOMEAMENTO DE Dª CARLA CANDIA PAZ EN COMISIÓN DE SERVIZOS NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18980/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 3.04.09, que di o seguinte:

Trala correspondiente autorización do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, con data 25 de marzo de 2009 o Delegado de Urbanismo, de conformidade coas facultades en materia de persoal delegadas polo Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local de data 16.07.07 (BOP núm 164, 24.08.08), resolveu “adscibir en comisión de servizos á funcionaria dona María José Valenzuela Rodríguez (con número de persoal 79.183) ó posto de técnico de administración xeral co código 410.02 da relación de postos de traballo deste Organismo Autónomo (publicada no BOP o 20 de agosto de 2008)”.

Como consecuencia desta adscripción, o posto co código 420.02 “adxunto/a xefe servizo Intervención en edificación” da relación de postos de traballo do Concello de Vigo (publicada no BOP nº 53 do mércores 18 de marzo de 2009), encóntrase vacante, propoñéndose a adscripción en comisión de servizos de D^a Carla Candia Paz (nº de persoal 79.872), funcionaria en propiedade da Xerencia Municipal de Urbanismo desde 1/12/2006 con praza de técnico de administración xeral. A funcionaria citada manifesta a súa conformidade con tal adscripción.

Considerando o disposto no artigo 64 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional –de aplicación supletoria ao persoal ao servizo da Administración Local-, que establece o réxime das comisións de servizos, o art. 88 da Ley 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, así como o Decreto 1/2008, do 13 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, e no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidentencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 5 de xullo do 2007, RESOLVO:

Primeiro.- Declarar a D^a M^a JOSE VALENZUELA RODRÍGUEZ, con DNI 77.008.548-V, nº de persoal 79183, técnica de administración xeral, en situación administrativa de servizo noutras administracións públicas, por estar prestando servizos na Xerencia Municipal de Urbanismo segundo resolución de dita Xerencia de data 25 de marzo de 2009, nos termos do disposto no art. 88 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- Nomear en Comisión de Servizos neste Concello de Vigo a D^a CARLA CANDIA PAZ, con DNI 77.597.450-V e nº de persoal 79872, técnica de admón. Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, adscribindoa ao posto de traballo denominado “adxunto/a ao xefe/a do Servizo de Intervención na Edificación”, código 031 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 53, do mércores 18 de marzo do 2009), que se atopa vacante na actualidade.

Terceiro.- A duración da presente comisión de servizos será como máximo de 1 ano prorrogable por outro máis (artigo 64.3 RD 364/1995), debendo solicitarse á finalización do primeiro ano informe sobre a procedencia da prórroga ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

27(595).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE EDELNE S.L. POR OBRAS DE CANALIZACIÓN PARA ACOMETIDA ELÉCTRICA NA RÚA CASIANO MARTÍNEZ. EXPTE. 57613/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 23.04.09, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por EDELNE S.L. , de data 15/01/2009, en relación a fianza constituída en data 13/02/2008, para responder dos danos que puideran ocasionarse por execución de obras de canalización para acometida eléctrica na rúa Casiano Martínez, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 23 de abril de 2009, donde reséñase que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución da fianza a EDELNE SL, constituída na data reseñada, polo importe de 595 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza a EDELNE S.L. constituída na data reseñada, polo importe de 595 €.

28(596).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE EDELNE S.L. POR OBRAS DE CANALIZACIÓN ELÉCTRICA NA PRAZA DE ISABEL LA CATÓLICA. EXPTE. 57255/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 24.04.09, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por EDELNEs.l. , de data 02/12/2008, en relación a fianza constituída en data 17/06/08, para responder dos danos que puideran ocasionarse por execución de obras de canalización eléctrica na Praza de isabel la Católica, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 24 de abril de 2009, donde reséñase que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución da fianza a EDELNE SL., constituída na data reseñada, polo importe de 623,17 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza a EDELNE S.L. constituída na data reseñada, polo importe de 623,17 €.

29(597).- AVOCACIÓN DE COMPETENCIA E DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. MANUEL MARIÑO BARREIRA POR OBRAS DE URBANIZACIÓN NA TRAVESÍA DO MONTE, SAA, BEADE. EXPTE. 65060/421.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 8.04.09, que di o seguinte:

A Comisión Municipal de Goberno, en sesión do día 22 de abril de 1994, acordou autorizar a don Manuel Mariño Barreira para construír unha vivenda unifamiliar composta de semisoto a garaxe, adegas trasteiro e acceso á planta baixa, planta baixa dedicada a vivenda e planta de aproveitamento baixo cuberta na travesía do Monte, Saa, Beade, nunha parcela de solo urbano incluída no núcleo rural de recente formación 02 02 SAA D con ordenanza de aplicación transitoria 1.3.B, expediente 16196/421.

O interesado constituíra aval por importe de 420.000,00 pesetas, mandamento de ingreso número 8-94-4-01414 de data 4 de abril de 1994, para responder das obras de urbanización dos terreos obxecto de cesión.

Con data 4 de xullo de 2006 don Javier Vidal Reinaldo solicita o cambio de titularidade da licenza número 16196/421, e constitúe aval do Banco Pastor por importe de 2.524,25 euros, número de operación 200600030818, de data 4 de xullo de 2006, para responder das obras de urbanización dos terreos obxecto de cesión no expediente 16196/421.

Don Manuel Mariño Barreira solicita con data 13 de outubro de 2008 a devolución do aval bancario achegado, ao estar xa garantidas as obras de urbanización dos terreos obxecto de cesión no expediente xa citado.

ACTUACIÓN PROPOSTA

Acceder á devolución do aval presentado por don Manuel Mariño Barreira por importe de 420.000 pesetas segundo o mandamento de ingreso de data 14 de abril de 1994, número de operación 8-94-4-01414, aportado para responder das obras de urbanización dos terreos obxecto de cesión na licenza número 16196/421, ao constar un novo aval do Banco Pastor constituído por don Javier Vidal Reinaldo polo importe equivalente en euros e motivo con data 4 de xullo de 2006, número de operación 200600030818, ao ser o novo propietario do terreo segundo consta na escritura de compravenda ante o notario don Alfonso-Emilio Rodríguez Sánchez o día vinte e nove de setembro de mil novecentos noventa e catro ao número tres mil cincocentos noventa e cinco do seu protocolo.

COMPETENCIA

Correspóndelle ao Concello, de conformidade co artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a competencia para outorgar licenzas, segundo procedemento previsto na lexislación de réxime local. En concreto, os Estatutos da Xerencia de Urbanismo aprobados polo Pleno deste Concello en sesión de data 29-07-96, atribúen, no seu artigo 5 letra "p" esta facultade ao seu presidente. Porén, entrada en vigor a Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1.e atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno Local tendo sido delegada no delegado da Área de Urbanismo e Vivenda a medio de resolución do citado órgano colexiado do 16 de xullo de 2007.

O artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que as autoridades ao servizo das Administracións públicas absteranse de intervir no procedemento cando concorran os motivos que recolle o apartado 2 do citado precepto.

No suposto dase a causa de parentesco sinalada na letra b) do punto 2 do citado artigo, polo que o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda debería absterse de intervir no presente expediente de devolución de aval e a Xunta de Goberno Local debería avocar a competencia delegada e ditar a resolución que proceda.

CONCLUSIÓN

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos fórmulase a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Acceder á solicitude formulada por don Manuel Mariño Barreira e, en consecuencia, proceder á devolución do aval de Caixanova por importe de 420.000,00 pesetas, número de operación 8-94-4-01414, de data 14 de abril de 1994, para responder das obras de urbanización do terreo que será obxecto de cesión para ampliación do vial como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente 16196/421, ao constar no expediente un novo aval polo importe equivalente en euros e polo mesmo motivo.

RECURSOS

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución.

Visto o escrito de data 21.04.09, do delegado de Urbanismo e Vivenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Avocar a competencia delegada no membro do Goberno que ten atribuída á Área de Urbanismo e Vivenda por acordo da X.Goberno local de data 16.07.07.

2º.- Acceder á solicitude formulada por don Manuel Mariño Barreira e, en consecuencia, proceder á devolución do aval de Caixanova por importe de 420.000,00 pesetas, número de operación 8-94-4-01414, de data 14 de abril de 1994, para responder das obras de urbanización do terreo que será obxecto de cesión para ampliación do vial como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente 16196/421, ao constar no expediente un novo aval polo importe equivalente en euros e polo mesmo motivo.

RECURSOS

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución.

30(598).- SOLICITUDE DE DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN ADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN DO PERI DA PRAZA ELÍPTICA. EXPTE. 3384/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica da Admón. Xeral, do 17.03.09, conformado polo xefe da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

A Comisión Municipal de Goberno na sesión de 12.01.1996 acordou aprobar a copia de escritura de constitución da Asociación administrativa de cooperación do PERI Praza Elíptica, autorizada o 20.11.1995, polo Notario desta cidade D. José Antonio Rodríguez González co nº de protocolo 2910.

No 12.04.2005 a Xunta de Goberno Local acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente “Obra de Urbanización a realizar entre a praza e a rúa Couto do PERI I-05 de Praza Elíptica”, presentado pola “Asociación Administrativa de Cooperación” do PERI, xa adoptado ás esixencias municipal xa citadas (expte. 951/400).

SEGUNDO.- Recoñecer a contribución municipal da contía de 91.677,87 €, equivalente a 20,71% dos gastos de urbanización que acarrea as obras complementarias de urbanización, como propietario parcial da parcela na que se empraza o bloque 2 do PERI.

TERCEIRO.- As contías das contribucións que figuran no presente expediente, consideraranse provisionais, pendentes da liquidación final que se efectuará previa a conclusión da totalidade da urbanización do ámbito do PERI, que precederá á extinción da repetidamente mentada Asociación Administrativa”.

En data 04.10.2005 D. Samuel Gestoso Saborido, en calidade de Presidente da “Asociación administrativa de cooperación do PERI da Praza Elíptica” presentou un escrito nesta Administración municipal solicitando a recepción das obras de urbanización executadas entre a Praza de Francisco Fernández del Riego e a r/Couto, achegando con dito escrito un certificado de fin de obra asinado no 22.09.2005 polo arquitecto D. Leopoldo Salceda Alvite.

No 17.10.2005 o enxeñeiro director dos servizos técnicos municipais emitiu un informe no que propuxo a recepción das referidas obras, así como a aprobación da liquidación dos custes pendentes e a disolución da asociación administrativa constituída nese ámbito.

O 25.10.2005 extendeuse acta de recepción das obras de urbanización da área comprendida entre o vial que une as rúas de Fernando Conde e Prolongación de Marqués de Alcedo e r/Couto, non abranguidas na recepción do ámbito do PERI recibidas en marzo de 2002, constando que as mesmas se levaron a cabo segundo o recollido no proxecto de obra no expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 12.04.2004 e os axustes impostos polo estado real dos terreos circundantes e as atribucións propias da dirección facultativa da aquelas, incluíndo o alumeado público co acordo do servizo municipal correspondente, comprobándose o axeitado estado de execución, salvo existencia de vicios ocultos.

Con data 14.11.2005 a Xunta de Goberno Local acordou a recepción das obras de urbanización entre a praza Francisco Fernández del Riego e a r/Couto.

O 21.02.2007 o Concello de Vigo liquidou a parte dos custes que lle correspondían abonar como propietario do 20,71% do ámbito urbanizado (91.677,87 €).

Con data 31.10.2008 o Delegado de Urbanismo resolveu por delegación presidencial de 23.03.2008 (BOP de 23.04.2008), declarar liquidados de forma definitiva os custos de urbanización do PERI I-05 da Praza Elíptica, toda vez que se constatou a recepción e aboamento da obra de urbanización entre a Praza Elíptica e a rúa Couto, segundo o proxecto de urbanización aprobado pola Xunta de Goberno Local de 12.04.2004, cun presuposto total de 442.674,41 €.

Consonte o artigo 25 dos estatutos da Asociación aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo no 30.10.1991: “1. A Asociación se disolverá cando se haxan realizado os fins e funcións sinalados no artigo 2 destes Estatutos e (en seu caso) se substitúa pola correspondente Entidade de conservación das obras e servizos comúns da urbanización, consonte o previsto no RG. 2. A disolución da Entidade requirirá, en todo caso, acordo do Concello de Vigo, consonte o establecido no artigo 30.1 do propio RG”.

De acordo co artigo 2 de ditos estatutos:

“1º. A Asociación terá por obxecto colaborar co Concello na execución das obras de urbanización do referido polígono polo sistema de cooperación, regulado nos artigos 131 a 133 da LS e concordes co seu RG, mediante a participación e xestión nas funcións urbanísticas que a continuación se especifican.

2º. Serán funcións da Asociación:

- a) Ofrecer á Administración suxerencias referentes á execución do plan no polígono ou unidade de actuación de que se trate.
- b) Auxiliar á Administración na vixilancia da execución das obras e dirixirse a ela denunciando os defectos que se observen e proponendo medidas para o máis correcto desenrolo das obras.
- c) Colaborar coa Administración para o cobro das cuotas de urbanización.
- d) Examinar a inversión das cuotas de urbanización cuxo pago se haxa anticipado, formulando ante a Administración actuante os reparos oportunos.
- e) Xestionar a concesión dos beneficios fiscais que procedan.
- f) Promover coa Administración actuante empresas mixtas para a execución das obras de urbanización no polígono ou unidade de actuación; e
- g) Calquera outras funcións que procedan con arranxo ao sistema de cooperación que rexe a execución da actividade urbanizadora do polígono”.

O artigo 30 do Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de gestión urbanística establece que:

- “1. A disolución das entidades urbanísticas colaboradoras se producirá polo cumprimento dos fins para os que foron creadas e requirirá, en todo caso, acordo da administración urbanística actuante.
2. Non procederá a aprobación da disolución da entidade mentras non conste o cumprimento das obrigas que estén pendentes”.

Con data 04.02.2009 ten entrada no Rexistro xeral desta Xerencia Municipal de Urbanismo (doc. 90015159) escrito de D. Manuel Gestoso Saborido, actuando como Presidente da Asociación Administrativa de Cooperación do PERI da Praza Elíptica, solicitando a súa disolución e comunicando a dimisión irrevocable do seu secretario.

En consecuencia, vista a normativa aplicable, artigo 134 e seguintes da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 30.1 do Regulamento de Xes-

tión Urbanística e 127.1 d) da LRBRL na nova redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a disolución da Asociación administrativa de cooperación do PERI Praza Elíptica, autorizada o 20.11.1995, polo Notario desta cidade D. José Antonio Rodríguez González co nº de protocolo 2910.

SEGUNDO.- Trasladar o presente acordo ao Sr. Director Xeral de Urbanismo da CPTOPT para a súa constancia no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, conforme ó disposto na orde do 30 de decembro de 1999 da devandita Consellería e o artigo 30 do Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aos interesados sinalándoseles que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición no prazo de UN MES ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES ante os Xulgados do contencioso-administrativo competentes, en ambos casos contados a partir do día seguinte á súa recepción, sen prexuízo do exercicio das accións legais que estimen procedentes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(599).- APROBACIÓN DE OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA U.E. 2 PENÍS DE ARRIBA. EXPTE. 4869/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica da Admón. Xeral, do 30.03.09, conformado polo director de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 6/06/1997 deu aprobación definitiva ao Estudo de Detalle da Unidade de Actuación 2 PENÍS DE ARRIBA-CARRAL (expte. 4115/411).

O Consello da Xerencia municipal de urbanismo, mediante acordo do 18/03/99, aprobou con carácter definitivo os estatutos e bases de actuación para a constitución e funcionamento da Xunta de Compensación (expte. 4023/401).

En data 9/11/00 o Consello da Xerencia municipal de urbanismo acordou aprobar a Xunta de Compensación constituída mediante escritura pública outorgada perante a notario de Vigo dona Esperanza Molina Sueiro, de data 24/08/2000 con número 1.974 do seu protocolo (expte. 4254/401). Consta no expediente 180/413, así mesmo, a expropiación dos propietarios non incorporados á Xunta de Compensación.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 7/04/08 acordou aprobar definitivamente o proxecto de compenación da UA 2 PENÍS DE ARRIBA (expte. 4642/401), así como inadmitir por extemporánea a alegación presentada por dona Dolores Aurora Barciela Martínez.

Con data 15/05/08 dona Dolores Aurora Barciela Martínez, presentou recurso de reposición contra o anterior acordo, que se estima mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 7/07/08, polo que require á Xunta de Compensación para que presenten documentación corrixida para os efectos previstos no artigo 2 do real decreto 1093/97, do 4 de xullo, polo que se aproba o regulamento hipotecario urbanístico (expte. 4642/401).

Don Darío Fernández Domínguez, en calidade de secretario da Xunta de Compensación da UA 2 PENÍS DE ARRIBA, presenta con Rexistro de entrada na Xerencia municipal de urbanismo de data 31/10/08, (DOC. 80136920) texto íntegro do proxecto de compensación coas correccións apuntadas, redactado polo arquitecto don José A. Martín Curty, con data de visado colexial do 27/10/08 (expediente 4869/401).

A arquitecta municipal da Oficina de Planeamento e Xestión informa o expediente con data 10/11/08, requirindo a subsanación de varios erros, o que se lle notifica á Xunta de Compensación, que presenta nova documentación con Rexistro de entrada na Xerencia municipal de urbanismo de data 21/11/08. A arquitecta municipal da Oficina de Planeamento e Xestión, con data 26/01/09, emite o seguinte informe:

“Emítase informe sobre a documentación presentada o día 31 de outubro de 2008, como consecuencia da estimación do recurso de reposición presentado por Dona Dolores Aurora Barciela Martínez. A recorrente, no seu día, presentou a súa disconformidade co reparto das parcelas, en particular coas parcelas que lle foron adxudicadas.

Examinada a cuestión plantexada o recurso foi estimado, polo que se requeriu á propiedade para que presentase documentación do proxecto de compensación, coas modificacións necesarias.

A Xunta de Compensación presenta nova documentación modificando as parcelas adxudicadas a Dna Dolores Barciela Martínez, correspondendo a esta propietaria as parcelas de resultado 21 e 22, estas parcelas atópanse sobre a súa parcela de orixe cumprindo a premisa de que as parcelas que se adxudiquen se atopen o máis preto posible da percela de orixe.”

Mediante notificación do 20/02/09 infórmase á Xunta de Compensación que para continuar coa tramitación da operación xurídica complementaria solicitada, deberá aprobarse previamente pola Asemblea Xeral da devandita Xunta.

En resposta a dito requirimento, don Regino Giráldez Boo, en calidade de presidente da Xunta de Compensación da UA2 PENÍS DE ARRIBA, presenta con Rexistro de entrada na Xerencia municipal de urbanismo do 27/03/09 (DOC. 90042381), certificado do acordo adoptado por unanimidade do 100% das cotas de participación da Asemblea Xeral da devandita Xunta de Compensación, celebrada o pasado día 24/03/09.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Operación xurídica complementaria:

O artigo 174.5 do Real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística (RXU), reza o seguinte: “(...) Las operaciones jurídicas complementarias que sean del caso, que no se opongan al proyecto de compensación ni al plan que se ejecute, una vez aprobadas por el órgano urbanístico, se formalizarán por la Junta de Compensación en escritura pública o

en documento extendido por el órgano urbanístico actuante, con los requisitos y solemnidades propios de las actas de sus acuerdos, que se protocolizarán notarialmente. En ambos casos se procederá a su inscripción en el Registro de la Propiedad (...)”.

Xa que logo, a operación xurídica complementaria é un acto administrativo de carácter urbanístico que altera de xeito non substancial e perfecciona o instrumento de reparcelación orixinario, sen contradecir nin opoñerse ao mesmo nin ao plan que se execute. O límite das mesmas son as alteracións substanciais ou revisións de reparcelación.

A proposta de rectificación que se propón, segundo o informe técnico, ven motivada pola estimación da alegación da propietaria da parcela de orixe nº 25, á que agora se lle adxudican as parcelas de resultado nº 21 e 22, para dar cumprimento ao previsto no artigo 95 do Regulamento de xestión urbanística (RD 3288/78, do 25 de agosto), polo que debe procurarse que as fincas adxudicadas estean situadas no lugar máis próximo posible ao das antigas propiedades dos mesmos titulares. Segundo informa a técnica municipal: “(...) estas parcelas atópanse sobre a súa parcela de orixe cumprindo a premisa de que as parcelas que se adxudiquen se atopen o máis preto posible da parcela de orixe.”

A rectificación que se propón non afecta á participación dos titulares das fincas aportadas nin á cuantificación do aproveitamento urbanístico atribuído ás fincas resultantes, nin altera as previsións de cesións de zonas verdes, viais e equipamentos do ámbito.

II. Procedemento de aprobación da operación xurídica complementaria:

As operacións xurídicas complementarias, para a súa formalización, deberán ser aprobadas polo órgano urbanístico actuante, con previa aprobación da Xunta de Compensación. Para a súa formalización o artigo 6 do RD 1093/1997, do 4 de xullo, (polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Registro da Propiedade de actos de natureza urbanística), permite a escritura pública ou certificado da administración urbanística actuante acreditativo da aprobación do expediente de operacións xurídicas complementarias, sendo potestativa a protocolización do dito certificado.

Na Asemblea Xeral ordinaria celebrada o pasado día 24/03/09, deuse aprobación inicial por unanimidade do 100% das cotas de participación da Xunta de Compensación da UA2 PENIS DE ARRIBA, á operación xurídica complementaria do proxecto de compensación do ámbito de referencia, de conformidade coa documentación presentada redactada polo arquitecto don José A. Martín Curty, con data de visado colexial do 27/10/08, a fin de recoller a adxudicación das parcelas de resultado nº 21 e 22 en favor de dona Dolores Aurora Barciela Martínez.

III. Competencia:

En virtude do disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local.

Xa que logo e, de conformidade cos fundamentos técnicos e xurídicos anteriormente expostos, formúlase a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a operación xurídica complementaria do proxecto de compensación da UE 2 PENÍS DE ARRIBA con aprobación definitiva mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 7/04/08 (expte. 4642/401), de conformidade coa documentación presentada redactada polo arquitecto don José A. Martin Curty, con data de visado colexial do 27/10/08, a fin de recoller a adxudicación das parcelas de resultado nº 21 e 22 en favor de dona Dolores Aurora Barciela Martínez, co obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 95 do Regulamento de xestión urbanística.

SEGUNDO: Requirir á Xunta de Compensación para que proceda á inscrición da presente operación xurídica complementaria no Rexistro da propiedade, de conformidade co disposto no artigo 6 do RD 1093/97.

TERCEIRO: Comunicar aos interesados no expediente que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante esta Administración municipal no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(600).- SOLICITUDE DE INSTRUCCIÓN PARA A COORDINACIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA U.E. I-06 ROSALÍA DE CASTRO II E CONSTRUCCIÓN DO APARCADOIRO. EXPTE. 15/403. Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 31.03.09, conformado polo director do Servizos Técnicos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local de data 14/02/05 acordou o seguinte: “(...) Estimar e desestimar as alegacións formuladas durante o período de información pública no procedemento de referencia no senso e polos motivos sinalados na parte expositiva deste acordo. SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización da UE 1-06-Rosalía de Castro 2, promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis, con Memoria e Planos visados polo COAG nos días 31/12/2002, 07/02/2003 e 10/02/2005, (expte. 4401/401). TERCEIRO: Habida conta da probabilidade de que no ámbito deste polígono se atopen restos arqueolóxicos de interese, con anterioridade ó inicio das obras deberá redactarse e aprobarse un proxecto de protección arqueolóxica, que se executará baixo a supervisión do departamento municipal de Patrimonio Histórico e, no seu caso, da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. CUARTO: Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos. Para poder solicitar Licenza de edificación antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá constituírse a correspondente garantía por importe de 915.101,74 euros. A dirección técnica das obras presentará un plan de control de calidade, e aqueles ensaios e/ou documentos que avalen a idoneidade das unidades de obra necesarias conforme ó articulado do prego de prescricións técnicas e ó mentado control de calidade.(...)”.

Con data 14/08/06 a Xunta de Goberno Local deu aprobación definitiva ao expediente de contratación e texto definitivo dos pregos de condicións do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade de Vigo (expte. 72.151/210).

O mesmo órgano en data 21/05/07, a proposta da Mesa de Contratación do 14/05/07, acordou o seguinte: "(...) adxudicar a PUENTES Y CALZADAS GRUPO E EMPRESAS, S.A., o Lote -II do concurso para a xestión do servizo público mediante concesión para a construción e posterior xestión de tres (3) aparcamentos públicos para vehículos automóviles nas rúas: Castela, Jenero de la Fuente e Rosalía de Castro (...)".

A Xunta de Compensación da "UE Rosalía de Castro", presenta o 3/10/08 (doc 80121953) escrito no que se constata o seguinte: "(...) es una realidad técnicamente incontestable que las obras de urbanización del sistema viario de la UE I 06 Rosalía de Castro 2, cuya ejecución ha encomendado esta Junta de Compensación a la mercantil <Atlántico Construcciones y promociones, S. L.>, precisan ser objeto de una adecuada coordinación con las obras de construcción del aparcamiento subterráneo (...) Por todo ello, y por un elemental ejercicio de racionalidad constructiva, resulta preciso que a la mayor brevedad se cursen indicaciones a esta Junta de Compensación, y a la empresa urbanizadora también, por la que nos informe del modo en que han de coordinarse las obras de urbanización del sistema viario de la UE Rosalía de Castro 2 con las de construcción del aparcamiento público y con las de <humanización> de la calle Areal, ofreciéndonos las instrucciones necesarias para alcanzar, en tiempo y forma, un correcto nivel de ejecución de la urbanización viaria de esta unidad de actuación tal que no se vea interferido por la el grado de ejecución/paralización que está experimentando la construcción del aparcamiento, como tampoco por las futuras actuaciones de iniciativa pública que pretenden llevarse a cabo en la calle Areal (...)".

Debido á necesidade de compatibilización e coordinación das obras de urbanización da UE Rosalía de Castro II e a execución das obras de construción do aparcadoiro público adxudicado a "Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A." o Director dos servizos técnicos informou en data 12/11/08 o seguinte: "(...) O 3/10/2008, a Xunta de Compensación da U.E. ROSALÍA DE CASTRO II, presenta un escrito no que expón a singularidade da situación plantexada, pola adxudicación da concesión dos aparcamentos soterrados a PUENTES Y CALZADAS, en terreos a urbanizar pola Xunta de Compensación, solicitando instrucións o respecto. As obras de urbanización, é evidente que deberán, sempre que sexa posible, estar coordinadas coas dos aparcamentos. Xa que non tería sentido que esa Xunta de Compensación, procedera a urbanizar na zona afectada pola traza dos aparcamentos, para logo que se teña que demoler a obra feita. Os ritmos os marca, por unha parte as cautelas arqueolóxicas impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, e por outro a execución das obras de edificación que están previstas no ámbito. O ideal sería, que o concesionario dos aparcamentos rematara a súa lousa superior, colocara a impermeabilización desta, e que o Concello, a continuación, notificara a Xunta de Compensación a dispoñibilidade dos terreos para a súa urbanización. Puentes y Calzadas, está executando agora o aparcamento de residentes, tendo previsto o remate da lousa da cuberta e a súa impermeabilización para maio do 2009. Co que, nesa data, o Concello poderá poñer a disposición da Xunta de Compensación a praza para a súa urbanización de acordo co proxecto de urbanización aprobado. Respecto a rúa Miragalla, poderá iniciarse a súa execución, tomando en conta que, a descarga da nova rede de pluviais se fará a taxa da rúa Serafín Avendaño, na beirarrúa esquerda da rúa Areal tal coma pide Aqualia. Sempre facendo as comprobacións de pendentes correspondentes, para garantir que non estire en carga. O resto da urbanización (Rosalía de Castro), de momento, retrasarase ata que se poida precisar con exactitude, o inicio das obras do aparcamento nesa zona, para a súa coordinación coas obras de urbanización a realizar por esa Xunta de Compensación. En canto os materiais das beira-

rrúas, o Goberno Municipal plantexa para esta zona o uso de pedra<granito Gris Mondariz 60 x 40 x 4 cm e bordo de granito Branco Mera de 15 x 30 cm, para a reposición de Rosalía de Castro dende Serafín Avendaño a Oporto> (...)

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 2/02/09 acordou: “1.- Informar á “Xunta de Compensación da UE Rosalía de Castro II” que a empresa “Puentes y Calzadas empresas reunidas, S.A.” está executando as obras de construción do “aparcadoiro de residentes”. O remate da lousa da cuberta e a súa impermeabilización está prevista para o mes do ano 2009, momento no que o Concello poderá poñer a disposición da Xunta de Compensación o praza para a súa urbanización de acordo co proxecto aprobado. 2.- Instar a execución das obras de urbanización con respecto á rúa “Miragalla”, tendo en conta o informado polo Director dos servizos técnicos en data 12.11.08. 3.- Suspende a execución das obras do resto de urbanización, sen prexuízo de que cando se coñeza a data exacta do inicio das obras de construción do aparcadoiro, se informen sobre as medidas de coordinación que procedan. 4.- Dar conta do presente acordo á Xunta de Compensación, á empresa “Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A.” e á oficina de patrimonio do Concello de Vigo.”

A notificación de dito acordo foi recollida persoalmente, con data 18/02/09, por dona Beatriz Zunzunegui Martínez, en calidade de Presidenta da Xunta de Compensación, tal e como consta na comparecencia expedida a tal efecto.

Dona Beatriz Zunzunegui Martínez, en calidade de Presidenta da Xunta de Compensación da Unidade de Actuación I-06 Rosalía de Castro II, presentou con Rexistro de entrada na Xerencia municipal de urbanismo de data 19/02/09 (DOC 90023262), recurso de reposición contra o anterior acordo.

Con data 17/03/09 o director dos servizos técnicos emite o seguinte informe:

“O 19 de febreiro de 2009, D^a. Beatriz Zunzunegui Martínez presenta recurso de reposición contra o acordo de referencia, no que manifesta a súa desconformidade pola paralización das obras de urbanización na zona coincidente cos aparcamentos en concesión de Rosalía de Castro.

Á vista do mesmo informe:

- O punto 2 insta á Xunta de Compensación “á execución das obras de urbanización con respecto á rúa Miragalla, tendo en conta o informado polo Director dos Servizos Técnicos en data 12 de novembro de 2008”
- O punto 3 ... “suspende a execución das obras de urbanización, sen prexuízo de que cando se coñeza a data exacta do inicio das obras de construción do aparcadoiro, se informen sobre as medidas de coordinación que procedan”
-

No apartado sétimo do informe do 12 de novembro de 2008 non se propón a paralización das obras de urbanización senón ... “o resto da urbanización de Rosalía de Castro, de momento, retratarase ata que se poida precisar con exactitude o inicio das obras do aparcamento nesa zona, para a súa coordinación coas obras de urbanización a realizar por esa Xunta de Compensación”...

O espírito do informe do 12 de novembro de 2008 era o da necesaria coordinación entre ambas actuacións. Por unha parte, que a Xunta de Compensación tivera xa unha fronte de traballo suficiente (caso de Miragalla) que lle permitira adiantar a urbanización, e por outro gañar tempo para que PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., dispoña dos termos en que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural lle autoriza as obras dos aparcamentos, e en función dos termos e do Plan de Obra, coordinar ambas actuacións.

A día de hoxe a situación é como segue:

1. Os solares da rúa Miragalla, excepto os municipais, atópanse cos muros pantalla en cota da rúa, quedando pendente un novo muro de contención non previsto no proxecto e que a Dirección Facultativa estima necesario para protexer a cimentación dun edificio existente.
2. Queda por retirar por esa Xunta de Compensación o depósito de combustible en terreos do vial, libre de servidume, esquina con Serafín Avendaño, 11.
3. A concesionaria do aparcamento aínda non conta coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Esta autorización seguramente condicionará a forma de execución, así como o Plan de Obra.
4. Estanse a realizar escavacións arqueolóxicas dentro do perímetro do aparcamento de residentes.

Conclusións:

O espírito de acordo, entendo, non era a suspensión cautelar das obras de urbanización en Rosalía de Castro, senón o retrasar estas obras ata tanto se fixera posible unha coordinación precisa entre ambas actuacións (aparcamento e urbanización da tapa e do bordo).

Non está no ánimo do técnico informante o causar perxuizos económicos á Xunta de Compensación, antes ben, o que se pretende é a mellor xestión posible dos recursos dispoñibles, independentemente que sexan da Xunta de Compensación, da Concesionaria, ou do Concello.

Quizais, para mellor precisar o sentido do punto 3 do acordo, sería oportuno substituír a frase: “suspender a execución das obras do resto da urbanización (...)”, por “(...) retrasar a execución das obras do resto da urbanización (...)”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Recurso de reposición

O artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), sanciona a obriga da Administración pública de ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación. En concreto, os artigos 116 e 117 da LRX-PAC regulan o recurso potestativo de reposición. Xa que logo, o artigo 117 dispón que o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso.

O recurso foi interposto en prazo, polo que procede entrar a valorar as cuestións relativas ao fondo do mesmo.

II. Alegacións:

- Sobre o alcande temporal da suspensión das obras de urbanización: A recorrente sinala que o acordo adoptado ten pronunciamentos que de non ser matizados xenerarían unha clara indefensión aos propietarios do ámbito, alegando que o acordo recorrido suspende sine die unha importante superficie das obras de urbanización, polo que debería suprimirse tal obriga pola propia inconcreción temporal, engadindo que aínda no suposto de ser acordada por razóns excepcionais ou de urxencia unha suspensión cautelar das obras de urbanización, debería ser obxecto dunha inexcusable limitación temporal ponderada e racional, en tanto a Administración non ofrezca novas instrucións; insiste en que o acordo excede da mera solicitude de información no seu día peticiónada pola propia Xunta de Compensación, para recibir instrucións para a coordinación das obras de urbanización do sistema viario da UE Rosalía de Castro 2 coas de construción do aparcadoiro soterrado para residentes; e manifesta que o acordo comporta un manifesto prexuízo para os propietarios do ámbito afectando gravemente ao réxime de reciprocidade obrigacional convido entre a Xunta de Compensación e a empresa urbanizadora no que concerne aos prazos de execución e entrega das obras de urbanización.

- Incidencia do posible retraso nas obras de urbanización nas licenzas de obra xa outorgadas e nos prazos de execución nelas establecidos: A recorrente invoca o artigo 128.6 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), solicitando que se regulen cales serían os efectos do posible retraso nas licenzas de obras concedidas a fin de evitar a concorrencia dunha eventual causa de caducidade das licenzas outorgadas.

- Necesidade de prever a posibilidade de efectuar recepcións parciais das obras de urbanización: A recorrente insiste en que o acordo adoptado tería que ter regulado a posibilidade de que a Administración asuma as recepcións parciais das obras de urbanización segundo o previsto no artigo 180 do Regulamento de xestión urbanística.

Xa que logo, solicita deixar sen efecto a suspensión sine die das obras de urbanización do ámbito; se acorde poñer a disposición efectiva da Xunta de Compensación os terreos afectados pola construción do aparcadoiro soterrado ata o momento efectivo en que se coñeza con exactitude o inicio das obras de dito aparcadoiro e o seu plan de obra; se regule e complete a incidencia do posible retraso das obras de urbanización nas licenzas de obra xa concedidas e nos prazos de execución nelas establecidos; e se regule a posibilidade de efectuar recepcións parciais das obras de urbanización tales que permitan compatibilizar dun xeito efectivo a urbanización e a edificación simultánea das parcelas de resultado.

III. Suspensión das obras de urbanización:

No acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 2/02/09 non se invoca precepto ningún que faga referencia a unha suspensión cautelar das obras de urbanización do ámbito.

En concreto, o que se indica é a necesidade da compatibilización e coordinación das obras de urbanización coa execución das obras de construción do aparcadoiro, razón pola que o director dos servizos técnicos, mediante informe de data 12/11/08 "(...) propón unha serie de medidas de coordinación das obras do ámbito. En concreto, se insta a execución daquelas obras de urbanización que non quedan afectadas pola construción do aparcadoiro público e por outra parte, se demora á posta a

disposición dos terreos nos que está a actuar a empresa adxudicataria ata o remate da lousa da cuberta e a súa impermeabilización. (...)”.

Neste sentido se pronuncia o director dos servizos técnicos, no seu informe do 17/03/09, que se transcrebe nos antecedentes deste acordo, cando sinala que: “(...) O espírito do acordo, entendo, non era a suspensión cautelar das obras de urbanización en Rosalía de Castro, senón o retrasar estas obras ata tanto se fixera posible unha coordinación precisa entre ambas actuacións (aparcamento e urbanización da tapa e do bordo).”

Xa que logo e, neste sentido, enténdese que o acordo impugnado non excede do solicitado pola peticionaria, pois da cumprida resposta ás instrucións solicitadas pola Xunta de Compensación “en un elemental exercicio de programación ordenada de ambos procesos constructivos tal que permita su realización simultánea o secuencial pero continua, y no desde luego como una orden de paralización de las obras de urbanización del ámbito de este polígono”. As instrucións intentan dar resposta coa “...mellor xestión posible dos recursos dispoñibles, independentemente que sexan da Xunta de Compensación, da Concesionaria, ou do Concello...” de xeito que “...a Xunta de Compensación tivera xa unha fronte de traballo suficiente (caso de Miragalla) que lle permitira adiantar a urbanización, e por outro gañar tempo para que PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., dispoña dos termos en que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural lle autoriza as obras dos aparcamentos, e en función dos termos e do Plan de Obra, coordinar ambas actuacións. (...)”.

No en tanto e, de conformidade co exposto no informe técnico do 17/03/09, estímase parcialmente a pretensión da recorrente, propoñendo a modificación do apartado 3 do acordo impugnado, quedando co seguinte tenor literal: “Coordinar a execución das obras do resto da urbanización do ámbito da UE II Rosalía de Castro, de conformidade co disposto no informe do Director dos servizos técnicos de data 12/11/08, así como daquelas outras instrucións dos servizos técnicos municipais que se considere oportuno efectuar durante a realización das mesmas”.

IV. Caducidade das licenzas de obra outorgadas:

Tal e como ten reiterado a xurisprudencia o instituto da caducidade é unha medida extrema, expropiatoria de dereitos, que deberá acollerse con cautela. Nunca opera de modo automático (STS do 20/05/1985), é dicir, que os seus efectos non se producen automaticamente polo simple transcurso do tempo, por requirir dun acto formal declarativo, adoptado tralos trámites previos necesarios (STS do 22/01/1986), consistentes esencialmente, nun procedemento contradictorio, con audiencia dos interesados, no que se valorarán ponderadamente os feitos, sen que a simple inactividade do titular baste para a declaración de caducidade. Xa que logo, de incoarse un expediente de declaración de caducidade respecto das licenzas de obras outorgadas, sería nese momento cando se valorarían os feitos que provocaron o retraso nas obras.

V. Recepcións parciais das obras de urbanización:

O artigo 180 do RXU prevé a posibilidade dunha recepción parcial cando a área xa urbanizada constitúa unha unidade funcional directamente utilizable. Sobre este asunto xa se pronunciaba o acordo impugnado no apartado segundo do fundamento de dereito primeiro, no que literalmente indicaba: “(...) Dado que no presente momento a Xerencia municipal de urbanismo concedeu diversas licenzas para a construción de edificacións e, tendo en conta que a terminación puidera non coincidir coa terminación das obras de construción do aparcadoiro, estímase necesario a realización dun

estudo sobre as condicións mínimas ou nivel mínimo de equipamento que permita autorizar a recepción parcial das obras de urbanización para os efectos de outorgamento de licenzas de primeira ocupación. (...)”.

VI. Competencia:

E de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da LRX-PAC e no artigo 127 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, formúlase á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente, de conformidade cos fundamentos anteriormente expostos, a alegación primeira do recurso interposto por dona Beatriz Zunzunegui Martínez, en calidade de Presidenta da Xunta de Compensación da Unidade de Actuación I-06 Rosalía de Castro II, presentado en data 19/02/09 (DOC 90023262), contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2/02/09 (expte. 15/403), proponendo a modificación do apartado 3 do acordo impugnado, quedando co seguinte tenor literal: “Coordinar a execución das obras do resto da urbanización do ámbito da UE II Rosalía de Castro, de conformidade co disposto no informe do Director dos servizos técnicos de data 12/11/08, así como daquelas outras instrucións dos servizos técnicos municipais que se considere oportuno efectuar durante a realización das mesmas”.

SEGUNDO: Desestimar o resto das alegacións presentadas, de conformidade cos fundamentos anteriormente expostos, no recurso interposto por dona Beatriz Zunzunegui Martínez, en calidade de Presidenta da Xunta de Compensación da Unidade de Actuación I-06 Rosalía de Castro II, presentado en data 19/02/09 (DOC 90023262), contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2/02/09 (expte. 15/403).

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados no expediente, facendo constar que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, sen prexuízo de que exercite calquera outro que estime procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(601).- APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN NO ÁMBITO DO PERI II-05 ROCÍO. EXPTE. 4825/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 8.04.09, conformado polo director dos Servizos Técnicos, que di o seguinte:

O PERI II-05 Rocío, ámbito de planeamento delimitado no PXOU -93, foi aprobado en sesión plenaria do 29.10.2001 (expte. nº. 5621/411). Este acordo de aprobación definitiva foi publicado no BOP nº. 227, do 26.11.2001 e no DOG nº. 238 do 11.12.2001. Ademáis, a súa normativa e ordenanzas de aplicación publicáronse no BOP nº. 56 do 21.03.2002 (pp. 16-19).

A xunta de compensación constituíuse en escritura pública de data 10.02.2003 outorgada perante o notario desta cidade Sr. Rueda Pérez, co nº. 258 do seu protocolo, aprobada posteriormente polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na súa sesión do 10.04.2003 (expte. 4437/401), constando incorporados á xunta de compensación a totalidade dos propietarios do ámbito.

Mediante Resolución do Director Xeral de Urbanismo da CPTOPT do 27.05.2003, foi inscrita a xunta de compensación do PERI II-05 Rocío no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, co nº. 08/03.

O 20.12.2004 a Xunta de Goberno Local aprobou definitivamente o proxecto de compensación do PERI II 05 Rocío.

En data 22.05.2008 Don Juan Ignacio López Espinosa presentou escrito (doc. 80064139) solicitando a aplicación do modelo xeral de estatutos da Entidade Urbanística de Conservación para o ámbito do PERI II-05 Rocío. Informa que asinan o documento persoas que son titulares de máis do 70% das cuotas de participación no polígono.

O 04.08.2008 a Xunta de Goberno Local acordou a adhesión do modelo xeral de estatutos para a constitución da entidade de conservación do ámbito do PERI II-05 Rocío. (expte. 4825/401).

En data 20.01.2009 Don Juan Ignacio López Espinosa en escrito (doc. 90007344) solicita que se acorde que a obriga de conservación da devandita entidade urbanística colaboradora, só alcanza á ZONA VERDE V1 (ZONA DE XOGOS E RECREO) e mobiliario urbano, situada na zona da Pardaíña, de 1.530 m2 de superficie, excluíndose de dita obriga, polo tanto, a ZONA VERDE V2 (XARDÍN), situada na zona do Rocío, de 6.939 m2 de superficie.

O 05.02.2009 otorgouse acta de constitución da entidade urbanística colaboradora de conservación ante o notario desta cidade, Don José Antonio Rodríguez González, co nº. 236 do seu protocolo, acto ao que compareceron Don Carlos García Colmeiro en representación da entidade mercantil “Reyal Urbis, S.A.”; Dona Montserrat Escobar Díaz, en representación da compañía mercantil “Invrodesc, S.L.”; Don Jorge-Manuel Costas Urtaza, en representación da entidade mercantil “Picosur, S.L.”; Don Benito Iglesias Vergara, no seu propio nome e dereito e en representación da súa cónxuge Dona Sara Gayoso Melón, e Don Ángel Fernández Domínguez no seu propio nome e dereito.

Mediante escrito con entrada no Rexistro xeral desta Xerencia Municipal de Urbanismo o 20.02.2009 (doc. 90023798), Don Carlos García Colmeiro actuando na súa condición de Presidente da entidade urbanística de conservación do PERI II-05 Rocío, solicita a aprobación da

escritura pública de constitución da devandita entidade urbanística de conservación, para unha vez acadada dita aprobación, sexa remitida a correspondente certificación ao Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras dependente da CPTOPT da Xunta de Galicia para a súa inscrición.

O 02.03.2009 a Xunta de Goberno Local acorda excluír do deber de conservación da urbanización da devandita entidade urbanística colaboradora a ZONA VERDE V2 (XARDÍN), situada na zona do Rocío, de 6.939 m2 de superficie.

O 23.02.2009 ten entrada no Rexistro xeral desta Xerencia Municipal de Urbanismo escrito (doc.90024879) de Don Manuel-Ventura Fernández Fernández, informando de que compareceu o día 05.02.2009 na notaría de Vigo de Don José Antonio González Rodríguez para constituir a enti-

dade urbanística de conservación, non estando sen embargo de acordo con dita constitución, circunstancia pola que afirma que non foi admitida a súa intervención.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Necesidade de constitución dunha entidade urbanística de conservación.- De acordo co previsto no artigo 110.6 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o planeamento pode prever que a conservación da urbanización sexa a cargo dos propietarios dos soares resultantes. A obriga de conservación ven así mesmo derivada da aplicación do artigo 68 do RD 3288/1978, de 25 de agosto, de xestión urbanística. A obriga de conservación ven así mesmo derivada da aplicación do vixente plan xeral de ordenación municipal e do artigo 3.2.5.b. in fine do PXOU-93.

Ademáis, no apartado 3º do acordo de data 20.12.2004 da Xunta de Goberno Local polo que se aprobou definitivamente o proxecto de compensación do ámbito do PERI II-05 Rocío (expte. 4520/401) se dicía: “ (...). Na inscrición rexistral de cada un dos predios resultantes edificables deberá figurar como carga real a obriga de asumir o custo de conservación das zonas verdes do polígono, na cota de participación que corresponda, debéndose constituir unha entidade urbanística colaboradora de conservación logo da conclusión e recepción das obras de urbanización”.

II.- Obriga dos propietarios de formar parte da entidade de conservación e quórum para a súa constitución.- Tanto a normativa de aplicación, RD 3288/1978, de 25 de agosto -arts.24-30 e 67-70, como a propia xurisprudencia considera que para a constitución dunha entidade de conservación non é obrigatorio o quórum que se esixe nas xuntas de compensación e a súa constitución é obrigatoria non sendo necesario a conformidade de todos os obrigados a formar parte da mesma (STS do día 26.10.1998, RJ 1998,7688). Os propietarios non poden sustraerse da participación da entidade de conservación, obriga que viña derivada do PXOU-93, do proxecto de compensación e do vixente PXOM.

Segundo o apartado 4º do artigo 5 dos estatutos aprobados definitivamente o día 11.12.2003 “La pertenencia a la entidad de conservación será preceptiva e ineludible para todos los propietarios de los inmuebles incluídos en el polígono de referencia, sin que resulte necesaria su participación en el acto constitutivo”.

III.- Posibilidade de constitución da Entidade Urbanística Colaboradora con anterioridade á recepción das obras de urbanización.- As obras de urbanización aínda non foron recepcionadas definitiva e totalmente por esta Administración municipal, sen que elo impida per se a constitución da entidade urbanística de conservación, posto que a xurisprudencia ten admitido a posibilidade de que se cree unha entidade de conservación, aínda que non finalizara a obra urbanizadora e, consecuentemente, sen que se producira a extinción da xunta de compensación.

A posibilidade da coexistencia dunha xunta de compensación e dunha entidade urbanística de conservación, recoñécese no artigo 30 do RD 3288/1978, de 25 de agosto, ao sinalar que “la disolución de las entidades urbanísticas colaboradoras se producirá por el cumplimiento de los fines para los que fueron creadas y requerirá, en todo caso, acuerdo de la Administración urbanística actuante. No procederá la aprobación de la disolución de la entidad mientras no conste el cumplimiento de las obligaciones que están pendientes”, e polo seu lado o artigo 180 do RD 3288/1978, de 25 de agosto, sinala que a cesión das obras de urbanización, instalacións e dotacións “podrá referirse a una parte del polígono o unidad de actuación aún cuando no se hubiera completado la urbanización de este

ámbito territorial, siempre que el área ya urbanizada constituya una unidad funcional directamente utilizable y se hubiera producido respecto de la misma la recepción definitiva por parte de la junta de compensación”.

Ao non ser recibidas as obras de urbanización pola Administración, permanece a obriga da xunta de compensación de conservar as obras, tal como resulta do art.67 do RD 3288/1978, de 25 de agosto.

VI.- Inscripción no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.- A entidade terá natureza administrativa, personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins dende a súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

V.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o disposto no artigo 127.1.d. da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a aprobación do presente asunto corresponde á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, fórmulase a seguinte PROPOSTA

PRIMEIRO.- Aprobar a constitución da entidade de conservación do PERI II-05 Rocío, da que forman parte todos os propietarios do mesmo.

SEGUNDO.- Trasladar o presente acordo á Dirección xeral de urbanismo da CPTOPT para a inscrición da entidade de conservación do PERI II-05 Rocío, no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

TERCEIRO.- Nomear como representante desta Administración municipal na xunta directiva ao delegado da área de urbanismo e vivenda.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados, advertíndolles que fronte ao mesmo poden interpor recurso de reposición no prazo de UN MES ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados e Tribunais competentes no prazo de DOUS MESES, contado dende a súa recepción, sen prexuízo do exercicio das accións legais que estimen procedentes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

34(602).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA POLA QUE SE NOMEA A D. EUDOSIO ALVAREZ MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da resolución de Alcaldía, do 24.04.09, que di o seguinte:

Mediante Resolución de data 13 de abril de 2009, esta Alcaldía resolvía separar a D^a Elena Maure Noia como membro da Xunta de Goberno Local, quedando vacante dito posto, polo que de conformidade co previsto no art. 126.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, RESOLVO:

Primeiro.- Nomear membro da Xunta de Goberno Local a D. EUDOSIO ALVAREZ ALVAREZ, que non ostenta a condición de Concelleiro.

Segundo.- Comunicar esta Resolución ó interesado, á Secretaría da Xunta de Goberno Local e ás dependencias municipais de Tesourería e Persoal.

Terceiro.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do R.D. 2568/1986.

Cuarto.- Da presente Resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de que quede enterado da mesma de conformidade co establecido no art. 44 do R.D.2568/1986, en relación co art. 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

35(603).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 38732/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 30.04.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Construcciones Clece, S.A., S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de axuda no fogar do concello de Vigo. (expte 38732-301) por un prezo total de 3.100.000 euros IVE incluído e un prezo hora con IVE incluído de 13,32 euros, ofertando asimesmo as seguintes melloras:

- Apoio e asesoría técnica especializada prestada por terapeutas ocupacionais, fisio-terapeutas, médicos, ATS-DUE, psicólogos, sociólogos e traballadores sociais.
- Aportación gratuíta de soportes e axudas técnicas para a mobilización de usuarios en réxime de cesión temporal.

- Servizo de xestión de entrega de medicamentos: Tele – receita.
- Servizo de atención e apoio técnico psicolóxico.
- Realización de limpeza de choque e extraordinarias, ata un máximo de 100 horas.
- Seis ordenadores para as UTS.
- Cartilla de control de medicación.
- Dúas comidas para usuarios ao ano (unha en Nadal).
- Compromiso de contratación de personal capacitado dos outros programas municipais.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 20-021-2009 e 16-03-2009.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación por importe de 865,10 euros.

36(604).- MODIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS DE ADMINISTRATIVAS DO CONCURSO PARA A XESTIÓN MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE. EXPTE. 18620/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 30.04.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración xeral, do 28.04.09, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes*

lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, en data 21 de novembro de 2008, acordou aprobar as bases para a presentación de solicitudes para optar a prazas de residentes nos aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz, Pintor Colmeiro (lote 1), Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e avenida Castelao (lote 2). Unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia se abriu o prazo para a presentación de solicitudes para optar as prazas ofertadas. Finalizado o procedemento as prazas cubertas non chegan o 10% das ofertadas.

Ante a escasa demanda, as mercantís concesionarias, ELOYMAR TRANVÍAS, U.T.E. e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., en escritos de datas 27/03/2009 e 30/03/2009 respectivamente, solicitan a modificación das bases, no senso de admitir a cesión en uso de prazas a toda persoa, física ou xurídica, sexa residente ou non en Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, en dous lotes de tres, en diversos lugares da cidade de Vigo, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006. O lote 1, que comprende os aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro resultou adxudicado á U.T.E. ELOYMAR TRANVÍAS, e o lote 2, que comprende os aparcadoiros das rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. Os contratos foron formalizados en datas 13 de xuño de 2007 e 10 de outubro de 2007 respectivamente.

Segundo.- A explotación destes aparcadoiros será en réxime de uso mixto, rotatorio e para residentes. Neste senso, esta previsto que se reserven para uso de residentes en réxime de cesión de uso o 20% das prazas de cada un dos aparcadoiros, excepto no da Avenida Castelao, onde a reserva será do 50% (artigo 2.2 PCAP).

O procedemento para a selección dos residentes e o réxime que rexe a relación entre os residentes e o concesionario está previsto no Título VII do PCAP, que leva por rúbrica “Uso das prazas de residentes”. En desenvolvemento do mesmo, a Xunta de Goberno Local, en data 21 de novembro de 2008, aprobou unhas bases para a presentación de solicitudes para optar a estas prazas de residentes .

Realizada unha primeira convocatoria para optar ás prazas de residentes resulta que non se han presentado solicitudes suficientes para cubrir todas as prazas ofertadas. O PCAP prevé para esta conxuntura que o órgano de contratación, previa petición do concesionario, poida autorizar a ampliación da área de influencia (artigo 97.1 PCAP). E no suposto de que con esta ampliación da área de Influencia non se cubran todas as prazas de residentes do aparcadoiro se faculta ó concesionario para solicitar que se autorice a cesión dunha segunda praza por vivenda (artigo 98.1 PCAP).

Os concesionarios, ante a escaseza da demanda, solicitan non a ampliación da área de influencia senón a eliminación do requisito da residencia. Solicitan así mesmo a ampliación do ámbito subxectivo dos solicitantes permitindo optar a prazas de aparcadoiro ás persoas xurídicas e a eliminación da limitación de dúas prazas por vivenda. Manifestan, en xustificación destas peticións, que a maior demanda de prazas procede das persoas xurídicas. Efectivamente, dado que a meirande parte dos aparcadoiros están situados en zonas comerciais, parece lóxico que os titulares de negocios e despachos profesionais que exercen a súa actividade na área de influencia dos aparcadoiros poidan acceder a prazas de aparcamento nos mesmos, titulares que en moitos casos son persoas xurídicas que teñen contratadas ó seu servizo a outras tantas persoas físicas, de aí a solicitude de eliminación do requisito da limitación de dúas prazas por solicitante. Por estas mesmas razóns se pretende eliminar o requisito da residencia, pois nestas zonas traballan e desenvolven actividades económicas persoas físicas residentes noutras zonas da nosa cidade ou en municipios limítrofes.

Se ben parece razoable, polas razóns expostas, acceder as peticións dos concesionarios con respecto a ampliación do ámbito subxectivo dos solicitantes e a eliminación do requisito da residencia e da limitación de dúas prazas por persoa, non debemos perder de vista que o espírito do órgano de contratación ó redactar o PCAP foi garantir unha praza de aparcamento as persoas físicas residentes no ámbito de influencia dos aparcadoiros, polo que en caso de que a demanda supere á oferta será preciso outorgar prioridade ás persoas físicas sobre as xurídicas e dentro das primeiras ós residentes na zona sobre os residentes en zonas máis afastadas do municipio ou residentes noutros municipios limítrofes.

De igual modo, parece lóxico que en caso de que os interesados soliciten máis dunha praza, evitar que os primeiros da lista acaparen varias prazas e queden solicitantes en lista de espera. Así, se irá asignando unha praza a cada un deles polo seu orden de lista ata completar a lista de solicitantes, e sucesivamente se irán repartindo as sobrantes unha de cada vez por rigoroso orden de lista.

Para poder acceder ós cambios nas bases da convocatoria propostos polos concesionarios é preciso acometer en primeiro lugar a modificación do prego de cláusulas técnicas e administrativas que rexe a concesión. Así, se reproduce a continuación a redacción de cada un dos preceptos do Título VII que é preciso modificar para dar entrada ós cambios propostos:

Artigo 89.- INFORMACIÓN ÓS CESIONARIOS

O Concesionario facilitará os titulares dos contratos de cesión de uso cumprida información das datas e prazos que teñan incidencia sobre tales contratos.

Artigo 90.- CESIÓN DAS PRAZAS DE RESIDENTES.

Sendo o obxecto primordial do Concello de Vigo o facilitar o aparcamento dos vehículos en diversas zonas da cidade é polo que:

- 1.- O concesionario estará na obriga de ceder as persoas físicas e xurídicas que así o soliciten durante o prazo fixado na convocatoria, mediante contrato, o dereito de uso das prazas a tal fin previstas, nas condicións prezos e prazos que fixa o presente Prego.
- 2.- O prezo definitivo de cesión de uso da praza de estacionamento será o fixado polo licitador na súa proposición actualizado mediante a aplicación do IPC para Galiza á data de formalización do contrato.

Artigo 91.- TITULARES DO DEREITO DE USO DA PRAZA.

1. Terán dereito á adquisición do uso das prazas, as persoas físicas ou xurídicas que dispoñan dun vehículo susceptible de utilizar o aparcadoiro.

2.- Reservaranse o 2% do número de prazas de estacionamento para os residentes con minusvalía no aparello locomotor ou minusválidos ó seu cargo, tamén terán preferencia na elección da praza de estacionamento.

Artigo 99.-TRANSMISIÓN DO DEREITO DE USO.

1.- O titular do dereito de uso que desexe transmitilo debe solicitalo ó Concello de Vigo. Este informará dita solicitude e dará traslado ó concesionario para que a xestione de conformidade co sinalado neste Prego.

2.- A transmisión voluntaria do dereito de uso só pode efectuarse:

a)Entre familiares.

Neste suposto, deberá acreditarse a relación de parentesco co transmitinte.

b)Entre non familiares:

Neste suposto a transmisión se efectuará a favor do primeiro da lista de espera, salvo no caso de transmisión de vivenda situada na área de influencia do aparcadoiro, caso no que se poderá transmitir a praza ó adquirente da vivenda, extremo que deberá acreditarse fehacientemente. No seu defecto, poderá transmitirse a calquera persoa que reúna os requisitos para poder optar ó dereito de uso dunha praza de aparcamento.

3.- A transmisión do dereito de uso das prazas de estacionamento é obrigatoria no supostos de finamento do titular. Se rexerá polas mesmas regras ca transmisión voluntaria.

4.- Os prezos máximos a esixir polos titulares do dereito de uso ó transmitilo serán fixados polo Concello de Vigo, segundo indica o Artigo 101 de este Prego.

5.- Os cambios de titularidade que se realicen sen a autorización do Concello de Vigo consideraranse nulos,

constituíndo falta grave que será sancionada coa perda do dereito de uso.

6.- No caso de que non existise ningunha persoa que reúna as condicións indicadas, o titular deberá seguir facendo fronte ós compromisos económicos concertados coa empresa concesionaria e ós gastos que ocasione o mantemento do aparcadoiro, podendo seguir utilizando por sí mesmo a praza, sen que este facultado para ceder ou arrendar a praza.

Co fin de garantir a igualdade de dereitos entre todos os cesionarios os solicitantes de prazas de residentes da primeira convocatoria poderán optar por someterse o prego de cláusulas técnicas e administrativas coa redacción que resulte tras a presente modificación naquilo que lles resulte máis favorable.

Terceiro.- Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e

con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigo 59.1 LCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato no artigo 30 PCAP.

O órgano de contratación poderá introducir libremente as modificacións que tiña por conveniente, previa audiencia do contratista e sen prexuízo das responsabilidades e indemnizacións que resulten procedentes no seu caso (artigo 114.2 TRRL), sempre que estas obedezan a razóns de interese público, e se cumpran estes dous requisitos:

- Que non se formule oposición por parte do contratista.
- Cando a contía das modificacións do contrato, illada ou conxuntamente, sexa inferior a un 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, sendo este igual o superior a 6.010.121,04 euros.

En caso contrario, será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva (artigos 59.3 e 249.2 LCAP e 114.2 e 3 TRRL).

O artigo 101.1 LCAP matiza que, unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación so poderá introducir modificacións por razón de interese público, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, impondo a obriga de xustificalo debidamente no expediente (no mesmo sentido, artigo 240.1 en relación ó contrato de concesión de servizo público).

No presente suposto as modificacións contractuais son solicitadas directamente polo contratista e non teñen repercusión na economía do contrato. Son debidas a causas imprevistas: a escaseza de demanda de prazas de cesión en uso polos residentes nas zonas de influencia dos aparcadoiros fixadas inicialmente no PCAP, que non permitiu a cobertura das prazas ofertadas e pola contra, a demanda de prazas de aparcamento por parte de persoas xurídicas e de persoas físicas non residentes na zona, pero que desenvolven actividades económicas ou traballan na mesma, que non foi prevista e non se pode canalizar máis que a través da modificación do prego que se propón.

Ó non implicar as modificacións gastos para a Administración municipal, non resulta precisa a previa fiscalización do gasto por parte da Intervención municipal (artigo 114.3 TRRL).

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización, nos termos do artigo 54 LCAP (artigo 101.2 LCAP).

Dado que se trata de unha concesión de servizo público, as modificacións do prego están suxeitas ó trámite de información pública durante trinta días regulamentado no artigo 121 RS.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 59.1 LCAP e 114.3 TRRL).

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCS).

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Modificar os artigos 89, 90, 91 e 99 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006, que quedan coa seguinte redacción:

Artigo 89.- INFORMACIÓN ÓS CESIONARIOS

O Concesionario facilitará os titulares dos contratos de cesión de uso cumprida información das datas e prazos que teñan incidencia sobre tales contratos.

Artigo 90.- CESIÓN DAS PRAZAS DE RESIDENTES.

Sendo o obxecto primordial do Concello de Vigo o facilitar o aparcamento dos vehículos en diversas zonas da cidade é polo que:

1.- O concesionario estará na obriga de ceder as personas físicas e xurídicas que así o soliciten durante o prazo fixado na convocatoria, mediante contrato, o dereito de uso das prazas a tal fin previstas, nas condicións prezos e prazos que fixa o presente Prego.

2.- O prezo definitivo de cesión de uso da praza de estacionamento será o fixado polo licitador na súa proposición actualizado mediante a aplicación do IPC para Galiza á data de formalización do contrato.

Artigo 91.- TITULARES DO DEREITO DE USO DA PRAZA.

1. Terán dereito á adquisición do uso das prazas, as persoas físicas ou xurídicas que dispoñan dun vehículo susceptible de utilizar o aparcadoiro.

2.- Reservaranse o 2% do número de prazas de estacionamento para os residentes con minusvalía no aparello locomotor ou minusválidos ó seu cargo, tamén terán preferencia na elección da praza de estacionamento.

Artigo 99.-TRANSMISIÓN DO DEREITO DE USO.

1.- O titular do dereito de uso que desexe transmitilo debe solicitalo ó Concello de Vigo. Este informará dita solicitude e dará traslado ó concesionario para que a xestione de conformidade co sinalado neste Prego.

2.- A transmisión voluntaria do dereito de uso só pode efectuarse:

a)Entre familiares.

Neste suposto, deberá acreditarse a relación de parentesco co transmitinte.

b)Entre non familiares:

Neste suposto a transmisión se efectuará a favor do primeiro da lista de espera, salvo no caso de transmisión de vivenda situada na área de influencia do aparcadoiro, caso no que se poderá transmitir a praza ó adquirente da vivenda, extremo que deberá acreditarse fehacientemente. No seu defecto, poderá transmitirse a calquera persoa que reúna os requisitos para poder optar ó dereito de uso dunha praza de aparcamento.

3.- A transmisión do dereito de uso das prazas de estacionamento é obrigatoria no supostos de finamento do titular. Se rexerá polas mesmas regras ca transmisión voluntaria.

4.- Os prezos máximos a esixir polos titulares do dereito de uso ó transmitilo serán fixados polo Concello de Vigo, segundo indica o Artigo 101 de este Prego.

5.- Os cambios de titularidade que se realicen sen a autorización do Concello de Vigo consideraranse nulos,

constituíndo falta grave que será sancionada coa perda do dereito de uso.

6.- No caso de que non existise ningunha persoa que reuna as condicións indicadas, o titular deberá seguir facendo fronte ós compromisos económicos concertados coa empresa concesionaria e ós gastos que ocasione o mantemento do aparcadoiro, podendo seguir utilizando por sí mesmo a praza, sen que este facultado para ceder ou arrendar a praza.

2º.- Someter a información pública polo prazo de 30 días as modificacións previstas no apartado 1º deste acordo.

3º.- De non presentarse alegacións durante o prazo de exposición pública das modificacións previstas no apartado 1º deste acordo, estas entenderanse aprobadas automaticamente.

4º.- Aprobar as bases para a presentación de solicitudes para optar a prazas de residentes nos aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz, Pintor Colmeiro (lote 1), Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e avenida Castelao (lote 2) en segunda convocatoria que se transcribirán a continuación.

5º.- Ordenar a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en dous xornais dos de maior tirada do municipio, e na páxina web do Concello, www.vigo.org. Os gastos de publicación dos anuncios pagarannos os concesionarios ”.

BASES PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA OPTAR A PRAZAS DE RESIDENTES NOS APARCADOIROS DAS RÚAS AREAL, POLICARPO SANZ, PINTOR COLMEIRO (LOTE 1), ROSALÍA DE CASTRO, JENARO DE LA FUENTE E AVENIDA CASTELAO (LOTE 2) EN SEGUNDA CONVOCATORIA

PRIMEIRA: OBXECTO

O concello de Vigo pretende facilitar ós veciños residentes no término municipal, así como os residentes nos municipios limítrofes que desenvolven unha actividade económica na nosa cidade unha praza de estacionamento para o seu vehículo. Así, a explotación dos mesmos será en réxime de uso mixto, rotatorio e para residentes nos aparcadoiros públicos sitos nas rúas Areal, Policarpo Sanz, Pintor Colmeiro, Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e avenida Castelao.

Esta previsto que se reserven para uso de residentes en réxime de cesión de uso o 20% das prazas de cada un dos aparcadoiros, excepto no da Avenida Castelao, onde a reserva será do 50%.

O obxecto das presentes bases é regular o procedemento para optar ó dereito de uso dunha praza de estacionamento nos aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz, Pintor Colmeiro, Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e avenida Castelao, por un prazo de 50 anos a contar desde a posta en funcionamento de cada un dos aparcadoiros. No non previsto nestas bases rexerá o prego de condicións administrativas particulares.

SEGUNDA: REQUISITOS PARA PODER OPTAR Ó DEREITO DE USO DUNHA PRAZA DE APARCAMENTO

a) Ser persoa física ou xurídica.

- b) *Dispoñer dun vehículo susceptible de utilizar o aparcadoiro.*
- c) *Presentar toda a documentación requirida nestas bases en prazo.*

TERCEIRA: SOLICITUDE

a.- Presentación:

Formalizarse no modelo de solicitude establecido a tal fin (modelo Anexo I) e presentarse ou ben no Rexistro Xeral do Concello, ou ben por algunha das outras formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes terán que acompañarse da seguinte documentación:

- a) *Fotocopia do DNI do solicitante no caso das persoas físicas ou copia da escritura de constitución e do CIF en caso de persoas xurídicas.*
- b) *Acreditación documental da representación coa que se actúa no caso de presentar a solicitude en nome dunha persoa xurídica.*
- c) *Acreditación do domicilio do titular ou ben do centro de traballo no caso de estar este máis próximo o aparcadoiro, para poder determinar a preferencia no caso de que as solicitudes superen o número de prazas ofertadas.*
- d) *Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a praza. En caso de que o vehículo non pertenza ó solicitante deberá achegarse unha autorización para o seu uso concedida polo propietario, ou, no seu caso, copia do contrato de leasing ou renting.*
- e) *En caso de optar a unha praza reservada para persoas con minusvalía no aparello locomotor, deberá presentarse un certificado da minusvalía emitido polo organismo correspondente.*

Todas as fotocopias que se entreguen deberán ser compulsadas ou ben ser cotexadas co seu orixinal.

b.- Prazo de presentación:

O prazo para entregar as solicitudes é de un mes, e o computo do mesmo comezará o día seguinte ó da publicación das presentes bases no BOP de Pontevedra.

CUARTA: PROCEDIMIENTO

Rematado o prazo de presentación de instancias pola Unidade de Patrimonio do Concello efectuarase unha comprobación previa tendente a verificar que os solicitantes reúnen os requisitos esixidos.

Se se observase a falla de documentación nalgunha das solicitudes presentadas, a Administración procederá a requirir por escrito ó solicitante a súa presentación no prazo de 10 días dende a recepción da comunicación, indicándosele que de non aportala se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada polo Concelleiro Delegado da Área de xestión municipal, nos termos previstos no artigo 71 da lei 30/92 de 26 de novembro.

Unha vez comprobada a documentación, se publicara no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello unha lista provisional de admitidos e excluídos por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, e se abrirá un prazo de 10 días para formular reclamacións.

Rematado o proceso anterior, unha vez resoltas as reclamacións, realizarase un sorteo público entre os solicitantes, que determinará a orde de prelación para escoller praza. A data do sorteo se publicará con 10 días de antelación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. No acto do sorteo o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, ou persoa en quen delegue, elixirá ó chou unha solicitude das presentadas para cada un dos aparcadoiros, e numeraranse os demais solicitantes por orde alfabético de apelidos a partir do seleccionado. Do resultado do sorteo levantará acta o Titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local.

Se houbese maior número de solicitudes que de prazas, terán preferencia as persoas físicas sobre as xurídicas, e dentro das primeiras os residentes na zona de influencia fixada para optar as prazas na primeira convocatoria en primeiro lugar e a continuación aquelas que residan máis preto do aparcadoiro para o que solicitan a praza. A distancia medirase en liña recta dende a zona máis próxima do aparcadoiro ó seu domicilio ata o mesmo. Neste caso se os interesados optasen a máis dunha praza, se irá asignando unha praza a cada un deles polo seu orden de lista ata completar a lista de solicitantes, e sucesivamente se irán repartindo as sobrantes, unha de cada vez, por rigoroso orden de lista.

Unha vez asignadas as prazas se confeccionará unha lista de espera de solicitantes para cubrir futuras vacantes. Esta lista se irá incrementando coas novas solicitudes que se presenten unha vez finalizado o presente procedemento de selección. Estas novas solicitudes se presentarán acompañadas da documentación requirida nestas bases. Caso de non reunir a solicitude os requisitos esixidos na presente convocatoria se lle concederá ó solicitante un prazo de dez días para subsanación de deficiencias, consonte o previsto no artigo 71 da lei 30/92 de 26 de novembro. Os novos solicitantes se incorporarán á lista segundo o orden de presentación da solicitude, seguindo a orde correlativo o último da lista. A administración, unha vez comprobado que a solicitude reúne os requisitos esixidos, dará traslado da mesma ó concesionario para que inclúa o solicitante na lista de espera. O concesionario unha vez rectificada a lista coas novas solicitudes, a presentará no Concello para o seu visado. Á hora de cubrir vacantes cos integrantes da lista de espera se respectarán os criterios de preferencia fixados no parágrafo anterior da presente base.

A lista definitiva de solicitantes expoñerase no Taboleiro de anuncios da corporación así como na web por prazo de 10 días, e notificarase ós que resultasen adxudicatarios dunha praza por carta certificada con acuse de recibo, ou, en caso de que resultase infrutuosa a notificación por este medio, por editos, publicados no BOP Pontevedra e no taboleiro de anuncios do Concello, para que no prazo de 15 días naturais comparezan na sede social do concesionario para subscribir a reserva de praza (modelo Anexo II), entendéndose que renuncia o seu dereito de non comparecer en dito prazo.

QUINTA: PREZO

Os prezos da cesión de uso das prazas é o seguinte:

- Aparcadoiro da rúa Areal: 27. 000 €.*
- Aparcadoiro da rúa Pintor Colmeiro: 18. 000 €.*

- *Aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz: 33. 000 €.*
- *Aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro: 38. 500 €.*
- *Aparcadoiro da rúa Jenaro de la Fuente: 26. 000 €.*
- *Aparcadoiro da Avenida Castelao: 27. 000 €.*

Este prezo foi fixado con referencia a xaneiro de 2006, e será revisado conforme o incremento do índice de prezos ó consumo fixado polo Instituto Nacional de Estadística no momento da formalización do contrato.

Se aboará un importe de 2.500 € ó formalizar a reserva e a cantidade restante no momento de formalización do contrato.

O contrato formalizarase un mes antes da posta en funcionamento de cada un dos aparcadoiros. O concesionario deberá comunicar ós interesados por correo certificado con acuse de recibo o prazo para que comparezan na súa sede social para a formalización do contrato, prazo que en ningún caso será inferior a 15 días. O concesionario deberá remitir copia dos contratos asinados á Administración municipal no prazo dos 15 días seguintes á súa formalización.

No entanto, de mediar acordo entre o concesionario e o cesionario da praza, poderá formalizarse directamente o contrato unha vez adxudicada a praza, sen ter que formalizar con carácter previo a reserva. Neste caso o cesionario poderá esixir ó concesionario aval bancario para garantir a devolución do importe abonado en caso de que non finalicen as obras de construción do aparcadoiro por causas sobrevidas ou de extinción por calquera causa da concesión administrativa. Os gastos do aval, neste caso, serán de conta do concesionario.

En caso de renunciar a praza reservada antes da formalización do contrato se perderá a sinal entregada ó formalizar a reserva.

SEXTA: EXTINCIÓN DO DEREITO DE RESERVA

Son causas de extinción da presente reserva:

- 1) *A renuncia do interesado á formalización do Contrato de cesión de uso. Entenderase que renuncia se notificado en forma, non comparece no prazo de 15 días naturais na sede social do concesionario para subscribir o contrato.*
- 2) *A non finalización das obras de construción do aparcadoiro por causas sobrevidas.*
- 3) *Extinción por calquera causa da concesión administrativa.*

Nos supostos de extinción da reserva se dará ás cantidades entregadas a seguinte aplicación:

- a) *Perdida da totalidade do entregado polo residente en beneficio da concesionaria, en caso de renuncia de este. Neste suposto quedará sen efecto a presente reserva de forma automática e sen necesidade de requirimento ningún, adxudicándose a praza obxecto de reserva ó primeiro da lista de espera.*
- b) *Devolución ós residentes da cantidade entregada no caso de que a obra non finalizase ou extinción da concesión administrativa.*

SÉTIMA: MEDIDAS DE GARANTÍA

No momento da formalización da reserva poderá esixirse ó concesionario aval bancario para garantir a devolución do importe da mesma en caso de extinción do dereito de reserva por causas que non lle sexan imputables ó seu titular, sendo de conta do solicitante os gastos do aval.

OITAVA: COTAS TRIMESTRAIS

O titular do dereito de cesión de uso deberá satisfacer ó cesionario trimestralmente un importe de 90 €, no caso dos aparcadoiros comprendidos no lote 1, e de 93,2 € no caso dos aparcadoiros comprendidos no lote 2, co obxecto de contribuír ós gastos do aparcadoiro relativos ó mantemento, limpeza, conservación, subministros, seguros, vixilancia, e calquera outro similar, cantidade que será esixida polo concesionario ó inicio do correspondente trimestre.

Esta cota foi fixado con referencia a xaneiro de 2006 e será incrementada anualmente, a data 1 de xaneiro, conforme a variación porcentual experimentada polo Índice de Prezos ó Consumo fixado polo Instituto Nacional de Estadística para Galiza no ano natural inmediatamente anterior ó da actualización.

No suposto de producirse reparacións extraordinarias que excedan o mantemento ordinario do aparcadoiro, o concesionario, previa autorización do órgano de contratación, poderá facturar adicionalmente estes gastos ós cesionarios, na proporción que corresponda, e na contía que, examinada a proposta do concesionario, sinale o órgano de contratación no acordo de autorización.

NOVENA: DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS

O órgano de contratación procederá a aprobar con carácter previo á posta en funcionamento dos aparcadoiros un regulamento de usuarios.

O concesionario facilitará un exemplar do mesmo a cada un dos cesionarios no momento da formalización dos seus respectivos contratos.

DÉCIMA: TRANSMISIÓN DO DEREITO DE USO

No suposto de que o cesionario desexe transmitir voluntariamente a súa praza ou ben se estivera incurso nun dos supostos de transmisión forzosa impostos polo Prego de cláusulas técnicas e administrativas, deberá solicitalo ó Concello de Vigo.

A solicitude será formulada polo transmitinte, ou no seu caso, polos seus herdeiros, e deberá asinala tamén ó adquirinte. Coa mesma se presentará a documentación esixida na base terceira con respecto ó adquirinte, así como a documentación especificada para cada suposto concreto nesta base. A administración municipal unha vez aprobada a transmisión lle dará traslado ó concesionario para a súa formalización no prazo dos 15 días seguintes. Unha vez formalizada se remitirá copia dos contratos asinados ó Concello no prazo dos 15 días seguintes.

A transmisión voluntaria do dereito de uso só pode efectuarse:

- a) *Entre familiares.*

Neste suposto, deberá acreditarse a relación de parentesco co transmitinte.

b) *Entre non familiares:*

Neste suposto a transmisión se efectuará a favor do primeiro da lista de espera, salvo no caso de transmisión de vivenda situada na área de influencia do aparcadoiro, caso no que se poderá transmitir a praza ó adquirente da vivenda, extremo que deberá acreditarse fehacientemente. No seu defecto, poderá transmitirse a calquera persoa que reúna os requisitos para poder optar ó dereito de uso dunha praza de estacionamento.

A transmisión do dereito de uso das prazas de estacionamento é obrigatoria no supostos de finamento do titular. Se rexerá polas mesmas regras ca transmisión voluntaria.

En caso de transmisión, tanto voluntaria como forzosa, o Concello de Vigo fixará o prezo. Os prezos das prazas de estacionamento, desde a data da posta en servizo ata o fin da concesión, diminuirán linealmente en función dos anos transcorridos da concesión e se revalorizarán anualmente en función das variacións experimentadas polo IPC ou índice que o substitúa, de acordo coa seguinte fórmula:

$$PN=PO. (1-(N:C).I)$$

Onde:

PN: Prezo da praza o ano “N” da concesión.

PO: Prezo da praza na data do comezo da concesión.

N: Número de anos de concesión transcorridos.

C: Número de anos da concesión (50)

I: Índice de prezos ó consumo entre o ano “N” e o ano “O” publicados polo INE ou organismo que o substitúa.

Os cambios de titularidade que se realicen sen a autorización do Concello de Vigo consideraranse nulos, constituíndo falta grave que será sancionada coa perda do dereito de uso.

De non existir ningunha persoa que reúna as condicións indicadas, o titular deberá seguir facendo fronte ós compromisos económicos concertados coa empresa concesionaria e ós gastos que ocasione o mantemento do aparcadoiro, e pode continuar utilizando a praza, quedando prohibidos tanto a cesión como o arrendamento.


Rexerán as mesmas regras respecto á transmisión voluntaria e forzosa da reserva formalizada.

DÉCIMO PRIMEIRA: CAMBIO DE VEHÍCULO

En caso de que o usuario cambie o vehículo para o que solicitou a praza deberá comunicalo por escrito ó concesionario no prazo dos 15 días seguintes, achegando o permiso de circulación do novo vehículo.

ANEXO I

	IMPRESO DE SOLICITU- DE DE PLAZA DE APARCA- DOIRO PARA	Selo rexistro
--	---	---------------

	RESIDENTES	
---	------------	--

SOLICITANTE	DNI	NOME E APELIDOS				TELEFONO	TLF. MOBIL
	ENDEREZO DA RESIDENCIA DENTRO DO AMBITO DO APARCAMENTO						
	ENDEREZO	NUM.	ESC	PIS O	P T	COD. POSTAL	
	ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACION						
	ENDEREZO	NUM.	ESC	PIS O	P T	COD. POSTAL	
	MUNICIPIO	PROVINCIA	CORREO ELECTRONICO				

SEÑALE O APARCADOIRO NO QUE SOLICITA PLAZA DE RESIDENTE		
- APARCADOIRO PINTOR COLMEIRO		
- APARCADOIRO POLICARPO SANZ		
- APARCADOIRO AREAL		
- APARCADOIRO CASTELAO		
- APARCADOIRO JENARO DE LA FUENTE		
- APARCADOIRO DE RESIDENTES DE ROSALIA DE CASTRO		
- APARCADOIRO ROSALIA DE CASTRO		

DOCUMENTACION QUE APORTA		
- FOTOCOPIA DNI		
- PERMISO DE CIRCULACION		
- DECLARACION RESPONSABLE		
- EN CASO DE MINUSVALIA PRESENTAR ACREDITACION		

NÚMERO DE PRAZAS SOLICITADO	
-----------------------------	--

DATA	SINATURA
VIGO, de de 20	
...	

ANEXO III

FORMALIZACION DE RESERVA

DUN DEREITO REAL DE USO DUNHA PRAZA DE APARCAMENTO NO APARCADOIRO PÚBLICO DE

En Vigo, a de de 2008

REUNIDOS

Dunha parte, D./D^a., provisto de DNI.....
(en adiante RESIDENTE), con domicilio a efectos de notificacións en

Doutra, D./D^a. en nome e representación de (en adiante CONCESIONARIA) titular do lote da concesión para a construción e explotación de diversos aparcadoiros subterráneos na cidade de Vigo outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007.

ambas as dúas partes se recoñecen capacidade suficiente para formalizar o presente negocio xurídico, e a tal efecto

ACORDAN

Primeiro.- PRAZA OBXECTO DE RESERVA

O RESIDENTE reserva, mediante o presente documento e para o seu futuro uso unha praza de estacionamento no futuro aparcamento subterráneo de

A CONCESIONARIA se compromete a reservar unha praza no citado aparcadoiro a favor do residente ata o momento da formalización do contrato de cesión en uso da mesma, formalización que terá lugar un mes antes da posta en funcionamento do aparcamento.

A determinación da praza de aparcamento concreta, entre as prazas destinadas a residentes pola concesionaria, se realizará polo residente no momento da formalización do contrato de cesión de uso, con suxeición a orde de preferencia determinado polo Concello de Vigo tras a celebración do sorteo público entre os solicitantes de prazas de residentes para cada un dos aparcadoiros.

Segundo.- PRAZO DE RESERVA

A concesionaria manterá a reserva de praza ata a formalización do contrato de cesión de uso da praza de residente no aparcadoiro público de, que terá lugar dentro dos 15 días seguintes á data na que requira ó residente, por carta certificada con acuse de recibo, que compareza na súa sede social para subscribir o contrato.

Terceiro.- PREZO DA RESERVA

O prezo da presente reserva é de 2.155,17 € máis o IVE correspondente, que actualmente é o 16% (344, 83 €), o que fai un total de 2.500 €. Servindo este documento de recibo e carta de pago suficiente.

Cuarto.- PREZO DO DEREITO DE USO DA PRAZA

O prezo da cesión de uso dunha praza de aparcamento para residentes no aparcadoiro público de será o resultante da aplicación do IPC fixado polo Instituto Nacional de Estadística para Galicia dende o mes de xaneiro de 2006 ata á data de firma do contrato á cantidade de Da cantidade resultante, se restará a abonada neste acto en concepto de reserva.

Quinto.- EXTINCIÓN DA RESERVA

Son causas de extinción da presente reserva:

- 1) A renuncia do interesado á formalización do Contrato de cesión de uso. Entenderase que renuncia se notificado en forma, non comparece no prazo de 15 días naturais na sede social do concesionario para subscribir o contrato.*
- 2) A non finalización das obras de construción do aparcadoiro por causas sobrevidas.*
- 3) Extinción por calquera causa da concesión administrativa.*

Nos supostos de extinción da reserva se dará ás cantidades entregadas a seguinte aplicación:

- a) Perdida da totalidade do entregado polo residente en beneficio da concesionaria, en caso de renuncia de este. Neste suposto quedará sen efecto a presente reserva de forma automática e sen necesidade de requirimento ningún, podendo a Concesionaria dispoñer libremente da praza obxecto de reserva.*
- b) Devolución ós residentes da cantidade entregada no caso de que a obra non finalizase ou extinción da concesión administrativa.*

Sexto.- TRANSMISIÓN DA RESERVA

Queda prohibida a cesión a terceiros dos dereitos derivados da reserva, salvo nos supostos de transmisión previstos no Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade e nas bases da oferta de prazas para residentes.

Sétimo.- XURISDICCIÓN COMPETENTE

As partes, de mutuo acordo e con renuncia expresa ó seu propio foro, acordan expresamente que toda cuestión litixiosa derivada do presente contrato será resolta polos Xulgados e Tribunais de Vigo.

Oitavo.- NORMATIVA APLICABLE

Para todo o non disposto no presente documento será de aplicación o disposto no Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 e nas Bases da oferta de prazas para residentes.

O RESIDENTE

A CONCESIONARIA

37(605).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA O PROGRAMA “VIGO EMPREGA”. EXPTE. 5913/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 29.04.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a subvención concedida na resolución do Director Xeral de Formación e Colocación de data 15 de abril de 2009, solicitada ao abeiro da orde do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia, durante os anos 2009 e 2010, de programas integrais para o emprego, coas seguintes características:

1	Denominación do programa:	VIGO EMPREGA		
2	Ámbito territorial:	O Programa desenvolverase no ámbito territorial:COMARCAL		
3	Usuarios do programa:	As accións obxecto deste programa dirixirase prioritariamente aos colectivos de traballadores desempregados previstos no Artigo 3 da Orden do 30 de decembro de 2008		
4	Num. Participantes:	150		
5	Obxectivos de inserción:	135% Nº Insercións: 53		
6	Importe da Subvención concedida ano 2009:	152.575,00 Euros		
7	Cofinanciación de entidade ano 2009:	20.805,68 Euros		
8	Importe da subvención concedida ano 2010:	62.825,00 Euros		
9	Cofinanciación da entidade ano 2010:	8.567,05 Euros		
10	Custo total do proxecto:	244.772,73 Euros		
11	Data Inicio:	15 abril de 2009	Data de fin:	14 abril de 2010
12	Selección de participantes:	O Servizo Publico de Emprego facilitara a selección dos usuarios		
13	Reducción da subvención:	A Dirección Xeral de Formación e Colocación establecerá unha redución na cantidade total a percibir pola entidade CONCELLO DE VIGO, no caso de non cumprirse os obxectivos de inserción previstos no punto 5 desde anexo. Esta redución calcularase do seguinte xeito: multiplicarase o numero de demandantes con inseción por 2.600 a esto sumarase o número dos restantes demandantes atendidos multiplicado por 800. Se esta cifra fora inferior ao importe da subvención concedida, a redución será a diferenza entre ambas cifra.		
14	Publicidade:	Aos efectos da garantir a publicidade do Programa, a Dirección Xearl de Formación e colocación facilitará a entidade CONCELLO DE VIGO un modelo de cartel, que deberá ser colocado nun lugar visible, que permita identificar de xeito claro o Programa que se vai desenvolver.		

2º.- Que por parte do servizo de Promoción Económica e Emprego, se proceda a xestionar a subvención cara a posta en funcionamento do programa “Vigo Emprega”.

38(606).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN DO ALLEO NA ESPECIALIDADE DE VIXILANCIA DA SAÚDE. EXPTE. 18404/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 20.04.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L., (CIF b-84412683), o procedemento negociado con publicidade para a contratación dun servizo de prevención alleo na especialidade de vixilancia da saúde por un prezo total de 65.800,00 euros e coas seguintes prestacións adicionais: ofrece dentro da actividade da Vixilancia da Saúde a realización de probas complementarias sen que supoñan un coste adicional ao prezo ofertado

- Revisións xinecolóxicas (exploración, citoloxía e/ou mamografía/ecografía mamaria, para maiores 45 anos ou menores por prescripción facultativa).
- Revisións urolóxicas (análise de antígeno prostático PSA e, no seu caso consulta e probas complementarias co especialista para maiores 45 anos ou menores por prescripción facultativa).
- Odontoloxía (revisión e limpeza bucodental anual).
- Oftalmoloxía (control visión por prescripción facultativa).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 09-03-2009 e a oferta presentada.

39(607).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO INTEGRAL PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA. EXPTE. 10410/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.04.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 21.04.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Educación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 10410-332 para a contratación do servizo de integral para a organización e desenvolvemento do programa de inmersión en

lingoa inglesa polas causas expostas no apartado B do informe anexo ó prego de cláusulas técnicas asinado o 10-03-2009 polo técnico de Educación e o xefe do servizo de Educación .

2º.- Aproba-lo gasto de 600.002,50 euros para a contratación do servizo integral para a organización e desenvolvemento do programa de inmersión en lingua inglesa que se imputarán a partida 4220.227.06.17 dos presupostos dos anos 2009 e 1010.

3º Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación do servizo integral para a organización e desenvolvemento do programa de inmersión en lingua inglesa que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 10-03-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 01-04-2009.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

40(608).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.